

## Os concellos optan polos campamentos de verán como actividade central

A covid deu un respiro, as restricións seguen rebaixándose e malia que a situación aínda está lonxe de estar controlada parece que os concellos queren volver á vida. A práctica totalidade dos mariños optaron por organizar este ano de novo campamentos de verán e outras actividades culturais e de ocio para animar á poboación e visitantes. Aínda así, todas contan co regulamentario protocolo anticovid e o consello implícito de que a situación pode mudar en calquera momento. De feito, trala última relaxación de medidas a covid volve subir en casos activos malia que de forma lenta.

## Alcoa no punto de mira

A venda da empresa segue pendente de resolución con 6 firmas candidatas á compra, a SEPI á marxe da negociación e os traballadores de novo na rúa



O conflito de Alcoa segue deixando ríos de tinta sen chegar a unha conclusión. A venda do sector do Aluminio segue sen chegar ao ansiado final. Son 6 as firmas que se posicionaron para a compra e se reuniron co comité de empresa para mostrar as súas cartas en materia de emprego. Mentres Alcoa déixase facer a corte, os traballadores reclaman lixerexa nos trámites e trala última reunión coa ministra seguirán mantendo a paz social se o proceso segue para adiante aínda que continúan moi molestos pola decisión do Goberno de sacar á SEPI da ecuación da venda. **Pax 2.**

**foz.** Constrúen un miradoiro no paseo entre A Rapadoira e Llas. **Pax. 6**

**viveiro.** Portochao contará cunha nova área de autocaravanas. **Pax. 9**

**burela.** O Pleno aproba un orzamento que sobe dos 7 millóns. **Pax. 12**

**o vicedo.** O Concello repartirá axudas para os negocios. **Pax. 15**

**alfoz.** Adegas denuncia que unha plantación danou un castro. **Pax. 16**

**barreiros.** Estrean unha nova oficina de turismo na praia de Coto. **Pax. 19**


**a pontenova.** Presentan o novo centro de maiores da Deputación. **Pax. 24**

## Volve á Mariña o Festival Atlántica



Mondoñedo e Alfoz están no programa este ano. **Pax. 3**

## O Aturuxo de Bravos xa ten cartel



Celebrase o 10 de xullo en formato reducido. **Pax. 22**

## Convocadas varias carreiras populares



Volven Burela Bonita e Run Foz Run, entre outras. **Pax. 26**

## Ampliado ata o 15 de xullo o prazo dos Bonos Impulso

A Deputación de Lugo ampliou o prazo, ata o 15 de xullo, para que a veciñanza da provincia poida solicitar os Bonos Impulso. A institución provincial está a repartir 17.000 descontos nomina-

tivos de 30€, para compras dun mínimo de 60€, que poden gastarse en calquera comercio, negocio de hostalería e servizos dende a súa recepción e ata o 31 de agosto deste ano. **Pax.25**

Vaia, vaia...  
**50 GIGAS pola cara!**

**Fibra 1.000 Mb**  
**Móbil 25 GB**  
**+ 25 GB EXTRA**  
**PARA SEMPRE**

**8€ /mes**  
DURANTE 4 MESES  
Despois 44€

PARA SEMPRE!  
**GIGAS x2**  
coa tarifa 25GB




**adamo**  
Fibra · Móbil · Fixo

Chama gratis ao  
**900 651 679**  
[www.adamo.es](http://www.adamo.es)



# A MARIÑA



## A covid-19 volve subir na provincia trala retirada de máscaras ao aire libre

A tendencia á baixa no número de contaxios da covid rompeuse dende hai dúas semanas debido á rebaixa de restricións que pasou pola retirada do uso de máscaras en zonas ao aire libre. Ademais de esto reduciron horarios de peche e ampliaron aforos. Sen dúbida o principal cambio prodúcese coa apertura do ocio nocturno, a partir do pasado día 1. Nas terrazas este pasa a ser do 100% sempre que as mesas cumpran a distancia de seguridade. No interior manterase o tope no 50%. Ademais, permítese pedir e servir nas barras de bares e cafeterías pero non se poderá consumir.

Tamén se permite agora a reunión de seis persoas en interiores e ata quince nas terrazas e reabren as zonas de lecer dos centros comerciais, ademais de

aumentar aforos lugares de culto, academias, centros de formación, museos, acuarios e zoolóxicos.

Coa vacinación case completa nos maiores de 40 anos, agora a covid experimentou un importante aumento de casos no rango de idade dos menores de 30 anos, condicionado polo enorme gromo que comezou en Mallorca e que se estendeu por toda España nas viaxes de fin de curso. Agora, na Mariña non hai ningún Concello con restricións. Aínda que moitos teñen casos, a incidencia en xeral é moi baixa xa que non hai gromos.

A situación no resto da provincia é similar agás en Sarria, onde existe un gromo moi activo que está en continuo crecemento. Tamén en Lugo os casos novos soben.

## Compás de espera en Alcoa

A ministra reúne cos traballadores e anuncia a visita á central americana

O conflito de Alcoa segue aberto e aínda sen solución. A venda non se produce e os traballadores están molestos pola decisión do Goberno de eliminar á SEPI como comprador intermediario.

Finalmente tivo lugar a prometida reunión da ministra de Industria, Reyes Maroto, co comité de empresa e nela a mandataria anunciou que viaxará a Pittsburgh para reunirse co presidente da entidade co obxectivo de impulsar a venda da fábrica. A ministra tamén se comprometeu cos traballadores a manter unha reunión co conselleiro de Industria, Francisco Conde, e o presidente de Alcoa en España, Álvaro Dorado, para impulsar a venda; ao mesmo tempo que anunciou unha nova reunión entre Xunta, Goberno e sindicatos para establecer unha folla de ruta.

Mentres os traballadores insistiron na necesidade de que a SEPI interveña no proceso de venda, o Goberno lembra que hai problemas legais para que eso sexa así. Por outra banda, aclaran que actualmente hai ata 6 empresas interesadas na compra polo que “ve innecesario que a SEPI interveña como intermediario, agás para vixilar o devenir do proceso”.

**A SEPI.** O Goberno xustifica a súa decisión alegando que cando traballadores e empresa pactaron para suspender a folga ambos acordaron que a SEPI comprara Alcoa e logo vendera á empresa interesada pero “ninguén consultou se eso era posible”.

Pola súa banda, o Pleno da Depu-



Dúas imaxes da concentración que tivo lugar en San Cibrao

tación aprobou unha moción nacionalista, a mesma que se está a aprobar en todos os plenos municipais dos concellos da Mariña, no que se exige ao Ministerio de Industria e á SEPI a intervención da fábrica de aluminio de San Cibrao nun acto único que levaría á compra e venda da factoría”, cumprindo “o mandato do Congreso dos Deputados e o Parlamento de

Galiza, que aprobaron no seu día a intervención pública temporal para a posterior venda a un terceiro”. Mentres os traballadores e veciños saíron á rúa en varias ocasións e en distintos niveis para seguir visibilizando a situación. A última concentración tivo lugar en San Cibrao pero unha andaina prevista para Lugo foi suspendida ao acceder a Ministra a unha reunión.

TE REGALAMOS

hasta **300€**

POR TU VIEJO COLCHÓN

×

**TODO EL MES DE JULIO**

**almayo**

**RIBADEO**  
Rúa San Francisco, 2-4 Bajo 6 - Tel.: 636 761 883

**BARREIROS**  
Pol. Industrial Cruz do Lobo, Nave 10  
Tels.: 982 585 709 / 652 110 377

**BURELA**  
C/ Curros Enríquez, 12 - Tel.: 660 402 954



## Os socialistas esixen á Xunta que impulse a VAC Costa Norte

A secretaria provincial do PSdeG-PSOE e deputada Autonómica, Patricia Otero esixiu a Feijóo que impulse a VAC Costa Norte, comprometida polos sucesivos gobernos do PP fai máis de 20 anos. A dirixente socialista demandoulle aos alcaldes do PP da Comarca “que non se poñan de perfil nun asunto tan importante como son as melloras nas nosas infraestruturas viarias. Implíquense xa nesta reclamación, porque esta dotación é fundamental para a vertebración da Mariña”, insistiu.

Así o dixo tras anunciar que ven de rexistrar unha iniciativa parlamentaria coa que demanda “unha aposta decidida, real e efectiva pola VAC Costa Norte levando a cabo, en diálogo e consenso cos concellos polos que transcorre esta infraestrutura, tódalas accións precisas para rematar a Vía de Alta Capacidade Costa Norte Ferrol – San Cibrao no menor tempo posible”.

Otero lembra que “o proxecto da vía



de alta capacidade Costa Norte Ferrol-San Cibrao, que foi anunciado no ano 2001 polo señor Cuiña, dividíase en 11 fases correspondentes con outros tantos tramos e fixaba como data de finalización o ano 2007. Pero non foi ata o ano 2009 cando se iniciaron as obras do primeiro tramo. Trátase dunha infraestrutura prometedora hai máis de 20 anos e que aínda segue no aire, e ao ritmo que executa estas obras a Xunta de Galicia a conexión Ferroltera-Ortegal-A Mariña

chegará, de ser o caso, no ano 2135”. A voceira de Infraestruturas advirte que “este abandono do PP coa VAC Costa Norte implica seguir marxinando as comarcas da Mariña Occidental e de Ortegal e deixando a estas comarcas cunhas vías de comunicación deficientes, que atravesan moitos núcleos de poboación e cun trazado moi antigo. Unicamente contan cun trazado moderno as saídas de Ferrol ata San Sadurniño e as variantes de Ortigueira e Xove”.

## Comeza a novena cita co Festival Atlántica

A novena edición do Festival Internacional de Narración Oral Atlántica vén de anunciar que estará en dous concellos da Mariña.

Así, Mondoñedo acollerá un espectáculo do galego Larraitz Urruzola que será o sábado 10 de xullo, os máis pequeños e as súas familias van ter a oportunidade de gozar coa *Festa dos monicreques* de Larraitz Urruzola. O espectáculo será no Alfar dos Muíños e comezará a partir das 19 horas. A posta en escena desta función bebe da cultura popular, dos mecanismos e materias propias dos brinquetes tradicionais, dos cantos e da narración oral. A madeira, as teas e a herba trenzada están nos monicreques que usa neste espectáculo e onde tamén se atopan poemas de Rosalía de Castro e cancións populares. Por outra banda, Alfoz terá a



honra de clausurar o día 11 de xullo ás 20.30 horas o festival coa obra *Heroes que dormen, heroes que resisten*, de Manuel Gago, e a música de Mano Panforreiteiro.

Para reservar hai que entrar en [festivalatlantica.gal](http://festivalatlantica.gal) ou nas oficinas de turismo municipais.

## O GDR Terras de Miranda recibiu un total de 22 proxectos

O GDR Terras de Miranda recibiu un total de 22 proxectos, por un importe global de inversión que excede dos 3.700.000 euros, para a convocatoria 2021-2022 do programa Leader aberta o día 3 de maio de 2021 ata o 3 de xuño, no ámbito de actuación do GDR Terras de Miranda, entidade colaboradora de Agader para a xestión do programa Leader.

Dentro das diferentes tipoloxías ás que se poden presentar os proxectos, recibíronse 9 proxectos produtivos, 6 non produtivos de Entidades Privadas e 7 non produtivos de Entidades Públicas.

Entre os proxectos presentados na tipoloxía de proxectos produtivos, encóntranse proxectos de modernización de empresas, creación de

centro de día para persoas con enfermidade mental e proxectos turísticos novidosos e que representarían unha oferta atractiva e diferente no territorio.

Entre os proxectos non produtivos encóntranse proxectos dirixidos a incrementar os servizos á poboación en colectivos específicos e que se desenrolarán por parte de entidades sen ánimo de lucro, como Aspane, Inmaculada Niña de Viveiro e Fillas do Divino- Celo Rogacionistas de Burela e outros que teñen que ver coa posta en valor do patrimonio cultural, etnográfico, natural e patrimonial do territorio. Dentro dos proxectos non produtivos de Entidades Públicas preséntanse proxectos de Tics no rural, actuacións de re-

cuperación de elementos históricos, naturais, culturais e patrimoniais, centros de información turística, rutas de sendeirismo e prestación de servizos en xeral á poboación.

O GDR conta con 460.873,55 euros para esta convocatoria 2021-2022 e neste momento atópase en fase de valoración dos distintos proxectos presentados.

O Grupo tamén realizará varios proxectos de animación propios, subvencionados tamén a través do programa Leader para desenvolver a súa estratexia de desenvolvemento local. Entre eles un Estudio para a creación dun Espeleoparque na Mariña e outro para a restauración e uso dos Órganos do Mosteiro de San Salvador de Lourenzá.

## Bandeiras negras para Burela e a praia de Altar

Ecologistas en Acción presentou o seu informe Bandeiras Negras 2021 que analiza a situación ambiental das costas españolas. No informe se realiza un resumo dos casos máis destacados de despropósitos ambientais nas costas do Estado español.

Así, outorgáronse dúas bandeiras negras en todas as provincias litórais, máis Ceuta e Melilla, o que suma un total de 48 casos de denuncias por contaminación e mala xestión ambiental.

No caso da provincia de Lugo as resultantes foron o Concello de Burela, por contaminación, e a praia de Altar en Foz, por mala xestión.

No tocante a Burela os motivos son as verteduras de augas residuais sen tratamento adecuado e que “xa hai

anos que o sistema de tratamento de augas residuais é deficiente no Concello, o que carrega continuas verteduras de augas fecais sen tratamento adecuado ao medio mariño, coa grave degradación ambiental que isto carrega”, di o informe. Tanto o goberno local como o autonómico levan tempo anunciando a ampliación e mellora da Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR), sen que se chegue a concretar esta actuación.

Por outra banda, a praia de Altar en Foz levou a bandeira negra polo proxecto de construción dun espigón e dragaxe con grave impacto en Rede Natura 2000. Esta construción traerá consecuencias impredecibles nas zonas de alimentación e cría de especies vulnerables.



**OS MOLINEROS**  
GRUPO INMOBILIARIO

Venta y alquiler de viviendas en la costa de Lugo  
679 9518 76 / 664 24 21 80 [www.osmolineros.com](http://www.osmolineros.com)



## Acordo para reclamarlle á Xunta a reposición de servizos no Hospital

Aprobada por unanimidade na Comisión de Sanidade do Parlamento unha iniciativa do Grupo Socialista para reclamarlle á Xunta que repaña as dúas prazas de radioloxía que permanecen vacantes no Hospital da Mariña. A iniciativa foi defendida pola parlamentaria socialista Patricia Otero, que incorporou unha transacción que propuxo durante o debate para garantir o proceso completo neste Hospital.

Otero acadou un acordo para incorporar á proposta aprobada e reclamarlle á Xunta que as probas de radioloxía, así como os resultados e os cribados de cancro de mama sexan avaliados, diagnosticados e tratados por especialistas no propio centro sanitario. A responsable socialista

anunciou que “estaremos vixilantes” diante do cumprimento do acordo.

A responsable socialista explicou que o Hospital da Mariña conta actualmente con 5 prazas de radioloxía, pero só conta con 3 radiólogos, xa que os outros dous son trasladados dende o Hospital Lucus Augusti. Sinalou que “deberíamos ter 5 profesionais estables e propios”.

Desmentiu que exista actualmente unha “atención completa e continuada no Hospital da Mariña”, xa que segundo a súa propia experiencia “dixéronme que o informe dunha mamografía sería derivado a Lugo”. Sinalou que as mulleres da Mariña viven esta situación con angustia, cando “se nos atopan algo estamos obrigadas a desprazarnos ata Lugo

para ver ao especialista”.

Patricia Otero advertiu de que este é o resultado da “desastrosa” política de persoal do Sergas, cando “a última profesional foise recentemente a Asturias por un contrato de 3 anos que lle negan en Galicia”.

Pola súa banda, o deputado do BNG Daniel Castro presentou unha proposta para restablecer e garantir a atención sanitaria en quenda de tarde no Centro de Saúde de Burela, que está bloqueada desde hai quince días “aínda que o problema vén desde hai tempo xa que hai uns meses trasladouse a un facultativo á quenda de mañá para cubrir unha baixa provocando que a atención polas tardes se reducise a dous días, feito que se agrava ao levar xa dúas



Hospital de Burela

semanas suspendidas as consultas de tarde, sen dar ningún tipo de explicacións a usuarias e usuarios. Se a isto lle sumamos a absoluta falta de vontade para aumentar a contratación de persoal sanitario para desprazados, compróbase claramente que temos unha comarca infradotada”, afirmou Castro.

**PARTIDO POPULAR.** A voceira de Sanidade do Grupo Popular des-

montou “as falsidades” esgrimidas respecto deste asunto polos socialistas e deixa claro o compromiso do Goberno galego coa sanidade dos mariñoas.

Explicou que o Sergas preveu dende o primeiro momento a cobertura das dúas prazas vacantes. Destas, unha atópase en fase de resolución e, a outra, malia desenvolver a convocatoria pública pertinente, non foi posible por falta de profesionais.

## Demandan que se repañan as conexións entre Ferrol e Ribadeo

Comisións Obreiras pide a reposición dos servizos ferroviarios de media distancia suprimidos na rede de ancho métrico para recuperar a situación previa á pandemia. O sindicato lembra que en marzo de 2020, coa entrada en vigor do primeiro estado de alarma, o Ministerio de Transportes e a dirección de Renfe decidiron suprimir numerosos trens. No caso da media distancia de ancho métrico, perdeuse o 75 % do servizo en Galicia.

O sector Ferroviario de CCOO esixe a recuperación dos servizos suprimidos, dado que están catalogados como obrigas de servizo público, concepto polo cal Renfe percibe subvencións. O sindicato sinala, ademais, a especial importan-



A liña ferroviaria que atravesa A Mariña

cia que representan para as comarcas afectadas, Ortegal e A Mariña.

“Non é de recibo que na actualidade só circule un único tren por sentido entre Ferrol e Ribadeo”, reprocha o coordinador do sector Ferroviario

de CCOO de Galicia, Gegorio Bermejo. “Isto prexudica a mobilidade da cidadanía e, en moitos casos, supón que só se poida realizar un dos traxectos e se impida regresar no mesmo día”.

## A Igrexa outorga o recoñecemento oficial ao Camiño do Mar

A Asociación Amigos do Camiño do Mar de Viveiro conseguiu o ansiado recoñecemento por parte da Igrexa a cal fai oficial o Camiño do Mar pola costa e que dará a compostela aos peregrinos que realicen esta ruta de peregrinaxe. O presidente da asociación, Manuel Vicente González, fixo un gran traballo durante todos estes anos, de investigación e recompilación de documentación referente ao Camiño do Mar para conseguir a oficialización desta ruta.

“Este recoñecemento por parte da Igrexa é un primeiro paso moi


importante, polo que entendemos que agora a Xunta debe axilizar a súa tramitación para oficializar por fin o Camiño do Mar”, subliña María Loureiro, alcaldesa de Viveiro.

Neste momento, o Concello de Viveiro atópase á espera de ser recibido polo director Xeral de Patrimonio Cultural ou co conselleiro de Cultura, Educación e Universidade coa finalidade de apoiar e impulsar esa oficialización e de coñecer, asemade, o estado no que se atopa a súa tramitación.

### Playa del Coto

Frente al aparcamiento del antiguo complejo

San Cosme de Barreiros - Tel.: 650 881 799



43°33'19.1"N 7°10'32.1"W

DEL 22 DE JUNIO AL 12 DE SEPTIEMBRE

HORARIO CONTÍNUO

Servicio de terraza - Comida para llevar

Ampliación de carta con nuevos productos

Pulpería  
**MARIO**  
de Viveiro

CENAS  
COMIDAS  
PULPO

SERVICIOS DE **CATERING**  
FERIAS, COMIDAS, CENAS  
BODAS, BANQUETES  
Montaje para Eventos y **ALQUILER**  
DE **CARPAS**



# Rent a Car Mar Cantábrico impulsa a mobilidade eléctrica na comarca

## Dispoñen de patinetes eléctricos Seat na Oficina de Turismo de Mondoñedo

Entrevistamos a Alberto Rodríguez, que dirixe a empresa mariñá de alugueiro e renting de vehículos Rent a Car Mar Cantábrico xunto a seu irmán Armando, e que dispoñen de oficinas en Foz, Ribadeo e Xove. Defínense como o servizo de mobilidade a carta na comarca.

**Como é esta iniciativa de mobilidade eléctrica que estades impulsando no alugueiro de vehículos.**

Trátase esta dunha colaboración co Concello de Mondoñedo e imos alugar patinetes eléctricos con un bo nivel prestacional da marca automobilística Seat. Podemos definilo como un proxecto piloto. Temos a intención de chegar a acordos con outras entidades na comarca.

**Onde están ubicados os patinetes e como funciona o alugueiro?**

Os patinetes están na oficina de turismo de Mondoñedo, e na propia oficina podes retiralos e cando finaliza o seu uso deixalos no mesmo posto. É un trámite moi sinxelo e a tarificación vai en función do tempo de uso e pode saír desde apenas 15 céntimos/minuto, un prezo moi económico. Para os visitantes e os

propios residentes poden servir dun modo de transporte áxil, silencioso e perfectamente válido para as rúas. Esta será unha experiencia piloto, esperamos que teña moito éxito e poder trasladala a outros municipios da Mariña, sen lugar a dúbidas pode ser un servizo máis o visitante e ao mesmo tempo permite reducir a necesidade de uso de automóviles nestes desprazamentos urbanos.

**Sobre o alugueiro e renting de automóviles, que foi o que motivou a creación da compañía e que está a ter máis demanda?**

Estanos funcionando excepcionalmente ben o alugueiro de vehículos de 9 prazas. Son tremendamente útiles para equipos, para viaxes en grupo, para compartir entre varias parellas ou amigos, para unha familia cos avós. Trátase de vehículos moi confortables coa última tecnoloxía e completamente equipados.

**Cal é a duración mínima que pode ter un contrato de alugueiro de vehículo que realicen con vós?**

Desde un día e despois pode durar o contrato ata varios anos. Canto máis longo é o contrato máis económico sae de prezo por día. O máis fre-

cuente é facer alugueiros entre 1 e 3 meses, agora na etapa das vacacións tamén facemos moitos contratos dunha semana ou 15 días. A xente sorpréndese porque ten a falsa crenza de que alugar coches é algo caro, e para que te fagas unha idea un coche normal que utilizas unha semana pode saír en torno a 30 euros ao día. Tamén ofertamos un moi bo servizo a esas persoas que por diversos motivos necesitan vehículo de substitución ou o seu taller non lle oferta ese servizo.

**Que tipo de vehículos teñen dispoñibles os cliente?**

Pois temos unha flota de automóviles que vai desde o utilitario ata compactos, berlinas, os denominados SUV e as furgonetas ou monovolumen de 9 prazas. A nosa particularidade a maiores de ter moita variedade de vehículos é que estes son coches moi novos, moi ben coidados, con pouco uso, e con acabados de primeiro nivel, gústanos utilizar automóviles ben equipados que podan dar un servizo máis gratificante.

**Onde podemos recoller os coches?** Pódese recibir tanto en Ribadeo



Alberto Rodríguez, responsable de Rent a Car Mar Cantábrico

(Avda. Ría de Ribadeo 20) coma en Foz (Crta. Xeral, 1 Forxán) ou en Xove (Polígono Camba, 31). Así mesmo temos convenio para aquelas persoas que queren recoller o vehículo nos aeroportos de Santiago, A Coruña ou Avilés podan facelo. Deben consultar as condicións previamente. Igualmente á inversa; é dicir, unha persoa que recolle o coche na Mariña e finalmente logo do seu uso debe deixalo nalgún dos tres aeroportos mencionados pode facelo. Os que queiran reservar poden facelo no 670979852.

**No que respecta ao renting, que podemos atopar en Rent a Car Mar cantábrico?**

Pois somos moi flexibles, a xente as veces vén a nós pensando en que temos uns servizos limitados, e para

nada. Queremos que a xente veña aquí e traslade as súas necesidades, podemos conseguirlles automóviles de altas prestacións, case calquera marca do mercado, estudiamos caso a caso. Pedimos os clientes que se deixen asesorar e se teñen unha necesidade de mobilidade ben sexa a curto prazo ou a longo seguro que podemos ofertar un servizo que se adecúe. O que tratamos cada vez máis é que ninguén cliente se sinta atado, e dicir, se ten necesidades de mobilidade cambiantes pois podemos adecuarnos elas, e se sempre precisa o mesmo coche pois podemos ofertar ese produto. Podemos definir o noso servizo como mobilidade á carta. A xente comeza a ver que os nosos servizos son moi económicos para a flexibilidade e a calidade que ofrecemos.

www.hijosderamonrubalsl.es  
alfoz@hijosderamonrubalsl.es

# 982 55 86 00

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

MÁS DE 80 AÑOS COMPRANDO MADERA

# COMPRAMOS MADERA

## PINO Y EUCALIPTO

VENDA SU MADERA SIN SALIR DE CASA  
LLÁMENOS NOSOTROS NOS ENCARGAMOS DE TODO

# HR

Hijos de  
Ramón Rubal

ASERRADERO Y EXPLOTACIÓN FORESTAL



## NOVAS

foz

## EN BREVE

**FESTA NORMANDA.** A organización da Festa Normanda de Foz presentou o seu novo logotipo para este ano 2021, e ademais aproveitaron a ocasión para anunciar as datas da celebración. Esta festa desfrutárase os días 27, 28 e 29 de agosto con todas as medidas e protocolos sanitarios.

**ACIAFOZCCA.** Dous novos establecementos veñen de unirse á lista de asociados de AciaFozCCA: Mercería Vera e Hillene Nails. Así, na Mercería Vera a clientela pode atopar "cremalleras, cintas de raso y de bies, hilos de coser y de bordar, botones, velcro, además de telas, artículos de bebé, ropa interior, pañuelos... una variada oferta de artículos". E Hillene Martins ofrece servizos como depilación facial e corporal, manicura, pedicura e construción de uñas.

**DANZA.** O 17 de xullo, Iago Alonso e Pablo del Pozo impartirán un obradoiro de danza no Pavillón Torques de Marzán. O sábado 17 o obradoiro de danza clásica será de 11 a 12.30 horas, o de contemporánea de 12.30 a 14.00 horas, e xa pola tarde haberá danza urbana de 16.30 a 18.00 horas e modern contemporary de 18.00 a 19.30 horas. Estes artistas chegarán aos focegos á danza clásica, moderna, urbana e contemporánea. Para máis información haberá que chamar ao 652 508 534 ou escribir a iagoalab@hotmail.com.

**SOCORRISTAS.** O Concello de Foz ultima o servizo de socorrismo nas praias, que comezou o día 1 de xullo, con doce socorristas titulados admitidos, incluído o xefe de salvamento. Como a Xunta soamente financia 6 e non hai dispoñibles máis demandantes de emprego coa titulación de socorrista, crearon a figura de auxiliar de apoio para a que está aberta a convocatoria con 7 prazas. Tamén lembran que está aberta a nova convocatoria para dúas prazas de auxiliar sanitario para as que se requiren títulos de primeiros auxilios ou equivalentes.



Tres instantáneas do lugar onde se está a facer o miradoiro

## Constrúen un miradoiro entre A Rapadoira e Llas

O Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico está a levar a cabo as tarefas de mellora dunha pequena península ubicada entre Ollo do Mar e Llas.

Esta zona, que se atopaba chea de maleza e de restos de basura, desbrozase e limparase para poder poñela en valor e que a veciñanza poida usala e desfrutar dela como un miradoiro sobre o Cantábrico. Estas obras foron solicitadas polo Concello focego xa que o paseo da Rapadoira a Llas é un dos máis concurridos na tempada estival.

Os traballos lévanse a cabo dentro do Plan de conservación que Costas desenvolve no litoral da Mariña e responden a unha petición do alcalde, Fran Cajoto.

A zona, na que se está a actuar conservará os muros que xa podían verse e que se corresponden cun proxecto inmobiliario que non chegou a levarse a cabo. Quedará descuberta unha pasarela de acceso á península dende o extremo máis próximo ao mar. Os traballos, que xa se iniciaron, teñen previsto rematarse a finais deste mes de xullo.

## O Anpa da escola de música demanda reforzar a dirección



A escola de música de Foz

A Escola de Música Municipal Arcadio Mon é unha aposta firme do Concello de Foz pola ensinanza e a posibilidade educativa musical dos nenos focegos, pero non pode asumir o que esixe a Anpa do centro porque está fora da lei.

Así, o alcalde, Fran Cajoto, explica que "a Escola de Música Municipal Arcadio Mon mantivo un desfase contable no curso 20-21 de 76.000 euros entre o que ingresaron as arcas municipais -taxas do alumnado, 26.000 euros- e o custo real da Escola -sen chegar a sumar gastos de funcionamento habituais como luz, auga, limpeza do edificio ou os investimentos propios que hai que

realizar- ascendeu a 102.000 euros, só en salarios do profesorado. Estes 76.000 euros de diferenza son aportados con cargo aos orzamentos xerais, saen dos impostos de todas as veciñas e veciños de Foz. A pesar disto o Concello aposta firmemente por esta ensinanza, defende que os nenos teñan a posibilidade de desenvolver o seu talento musical desde a base con profesores de calidade. Como mostra un botón: este curso 20-21 fíxose un esforzo adicional e ampliáronse as horas do profesorado máis que nunca, para o ensino de piano dispúxose unha persoa a tempo completo durante os 9 meses que dura a o curso da Escola".

## Executan a beirarrúa da vía de Fazouro a San Acisclo

Estase a executar unha beirarrúa en 150 metros da marxe dereita da estrada LU-151 Fazouro-San Acisclo a cal o alcalde de Foz, Fran Cajoto, agradece á Xunta de Galicia porque esta obra "é moi necesaria, hai moita poboación na zona e a estrada é estreita, con curvas e escasa visibilidade, o que constitúe un perigo".

O rexedor municipal explica que "agora mesmo nesta estrada hai unha beirarrúa entre o punto inicial e o punto quilométrico 0+574, executada grazas a subvencións á asociación de veciños. Entre a beirarrúa actual e a que está en execu-

ción existe unha illa de 435 metros nos que non hai un paso axeitado para viandantes, por iso solicitamos á Xunta de Galicia que complete as beirarrúas en toda a lonxitude e que continúe na zona de vivendas cara a San Acisclo".

Cajoto engade que "queda pendente tamén, nesta caso na parroquia de Cangas, a terceira fase das beirarrúas na estrada Ferreira-Foz, que se solicitou en varias ocasións e tamén é competencia autonómica" e destaca que "a seguridade dos peóns e a mellora da accesibilidade é unha máxima deste goberno municipal".



Imaxe dos traballos da beirarrúa

**SE BUSCA**

PROPIETARIO PARA CHALET EN FOZ

Vendemos unifamiliar independente.  
259 metros cuadrados. 1496 metros de superficie gráfica de parcela. 4 habitaciones. Amueblado.

228 000 euros

INMOBILIARIA GRUPO XATOBA XESTION  
Contáctanos: 698 119 445

**NUEVA GERENCIA**

**DESAYUNOS MONTADITOS**

**Happy Cafetería Days**

**HORARIO 06:30/ 23:00H**

CAFETERIA HAPPY DAYS

CALLE ÁLVARO CUNQUEIRO 22, FOZ



# A programación cultural de xullo terá cine, teatro e música

O Concello de Foz deu comezo á programación cultural do mes de xullo, que inclúe cine, teatro e música. A concelleira de Cultura, Inés López Couto, anuncia que “o verán chega a Foz e este énchese de diferentes actividades para pequenos e maiores. Todas elas actividades respectarán os protocolos covid para manter a máxima seguridade nas mesmas”. Inés López especifica que “no pavillón do colexio Número 1 ás 21 horas haberá teatro todos os martes. As obras deste mes de xullo serán o día 6 coa compañía Galitooon que nos presenta The Show Moscón, o día 13 Producións Dispersas tráenos Tódalas maravillas do mundo, o día 20 Gazafellos amosaranos a Pinocho e o día 27 contaremos coa compañía Fantoche Bah coa obra Os Romeiros do caracol.



A concelleira de Cultura, Inés López Couto

A edil de Cultura engade que “tamén volverá o cine ás rúas de Foz e as parroquias con sesións ás 22.30 horas. Durante este mes de xullo contaremos o día 8 na praza Conde de Fontao, con La gallina turuleca; o día 15 no Campo da Cabana, con Cuñados; o día 22 de novo na Praza Con-

de de Fontao, The Addams Family-Halloween; o venres 23 de xullo en Fazouro, La boda de Rosa; o mércores 28 de xullo en Santa Cilla Green Book; o día 29 en Foz na Praza de Galicia poderase desfrutar de Eroski Paraiso; e pechamos xullo o día 30 en Nois coa película Si yo fuera rico”.

## O instituto oferta novos ciclos para o próximo curso escolar

O IES de Foz oferta para o vindeiro curso 2021-22 un ciclo dual de grao superior en Dirección de Servizos, para o que conta coa colaboración de Paradores, empresa hostaleira pública na que o alumnado fará prácticas remuneradas.

Os interesados en cursar este ciclo deben presentar unha solicitude de admisión vía telemática e para resolver calquera dúbida poden contactar coa Secretaría do IES de Foz, “donde les echa-remos una mano para todo lo que necesiten”, comentou Asensio.

Ademais, en colaboración coa FCAM, oferta para o vindeiro curso 2021-2022 o ciclo medio dual de actividades comerciais. Este é o único centro da provincia de Lugo que o impartirá. O alumnado realizará as prácticas en empresas da Mariña.

O director do IES de Foz, Nicolás Asensio, explicou que “dentro das novidades que temos en ciclos para este curso, un co que estamos máis ilusionados é o ciclo medio de actividades comerciais en colaboración coa FCAM. Foi froito do traballo de Álvaro Doural, dinamizador dual con praza no CIFP Porta da Auga, o xefe de departamento, José Otero, e a FCAM, representada aquí polo seu presidente, José Carlos Paleo”.

Asensio dixo que “empezamos con moita ilusión este ciclo, oférganse doce prazas, con prácticas en empresas punteiras da Mariña. Esperemos que funcione. Calquera información contan co centro para guiarlles no proceso. A partir de aproximadamente o 8 de xullo comezará a selección de candidatos e a adxudicación de destinos para as prácticas”.

## O Pleno aproba un presuposto de algo máis de 8 millóns de euros

O Concello de Foz aprobou no último Pleno “un orzamento das persoas para as persoas” e que ascende a algo máis de 8 millóns de euros. O alcalde, Fran Cajoto, explica que “Foz presenta uns presupostos equilibrados entre ingresos e gastos, ascendendo estes últimos a 8.165.391,52 euros, a pesar da merma na recadación coa derrogación de ordenanzas fiscais coma a de terrazas para o apoio ao sector da hostalería local. Grazas á suspensión de aplicación da regra de gasto poden investir todo o orzamento sen que se deixen recursos sen

utilizar, con investimentos tan importantes coma os dos terreos da EDAR ou as achegas municipais ás obras do Plan Único 2021. Outro investimento moi importante son os 69.200 euros que se reservan para a renovación da tubaxe de abastecemento na rúa Eduardo Pondal, en fibrocemento”.

No eido social no ano 2021 as axudas de emerxencia social continuarán sendo de 1.000 euros, ademais de continuar apostando polo Banco de Alimentos. Así mesmo está en tramitación o expediente para a contratación da prestación do Servizo de

Axuda no Fogar na súa modalidade de dependencia, para o que se incrementa a partida orzamentaria.

Outra das partidas máis importantes é aquela referente á persoal que aumenta 190.000 euros, aos que hai que sumar os preto de 90.000 do Plan Único, intentarán cubrir necesidades municipais de persoal en época de verán e para mellorar os servizos ofertados.

Tamén se inclúe a partida orzamentaria para cubrir gastos da Asociación Protectora de Animais de Foz, por importe de 4.000 euros, e para a ACIA de Foz, por 30.000 euros.

## Reclaman ao Estado e a ADIF a limpeza das vías ferroviarias

O deputado do BNG no Congreso, Néstor Rego, reclamou que ADIF proceda a limpar as faixas que rodean os case 15 km de vías, así como as plataformas e apeadeiros existentes no concello de Foz. Así mesmo, a organización nacionalista estende a necesidade ao resto de vías galegas ante a chegada do verán e o aumento do risco de incendios que fai máis urxente a actuación para a limpeza das zonas.

No que ten haber co mantemento das vías férreas é imprescindible que o responsable do seu mante-

mento acometa as obras de limpeza e roza. Neste caso, tanto “o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana como ADIF teñen que facerse cargo” de limpar os preto de 15 km de vía que discorren polo Concello de Foz.

“Para o adecuado mantemento das vías férreas e as súas zonas contiguas é necesario desenvolver plans de limpeza que servirán ademais como plans de prevención de incendios” explica o deputado do BNG. Estas actuacións deben incluír apeos, rozas e podas.





## Os traballos da EDAR avanza a bo ritmo

Os traballos da obra da Edar avanza a bo ritmo, así o constataron a alcaldesa, María Loureiro García, e o 1º tenente de alcalde e concelleiro do Mar, Jesús Fernández Fernández.

Dende o goberno municipal lémbrese que estas actuacións, que fai a Xunta de Galicia a través de Fondos FEDER, forman parte dun primeiro proxecto que consistirá na ampliación da Edar, permitindo tratar as augas de Celeiro na planta de Viveiro cun tratamento completo.

Con respecto a estas actuacións, quérese facer constar que “o Concello fixo sempre, en tempo e forma, todas as tramitacións requiridas. Polo que atinxe aos trámites por parte de Costas, despois de que este Concello se interesara polo estado da tramitación, quérese facer constar que o último escrito enviado por Augas de Galicia á Dirección Xeral de Sostenibilidade da Costa e do Mar é de data 24 de maio de 2021, polo que se entende que os trámites están a seguir o seu curso en prazo”, di.



## Volve o programa estival de visitas guiadas

Chega a Viveiro o programa estival de visitas guiadas, que terá lugar desde o 1 de xullo ata o 30 de setembro. O municipio recupera desta forma unha das súas principais actividades turísticas durante os últimos anos, que foi suspendida por precaución durante 2020 e volve con máis percorridos e destinos.

As actividades terán carácter gratuito e levarán a cabo todos os días da semana. Un dos seus alicientes será

a ampla variedade da proposta, que vai desde visitas culturais a roteiros de sendeirismo, pasando por itinerarios panorámicos en múltiples lugares de interese da localidade.

As visitas transcorrerán integramente en espazos abertos e respectaranse os límites de aforo, e en xeral, o normativa socio-sanitaria vixente. Para participar, é necesaria reserva previa chamando ao número de teléfono 634 631 461.

## O Concello, á espera para impulsar o PXOM

O Concello de Viveiro atópase á espera da reunión solicitada para poder falar co director da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) sobre o Plan Xeral de Ordenación.

“Viveiro necesita o PXOM, é unha ferramenta imprescindible e primordial para o desenvolvemento do concello en diferentes eidos, como o urbanístico e o industrial; é unha opinión consensuada entre todos os grupos da corporación e espero avances a curto prazo”, asegura María Loureiro.

A AXI é a única administración da que o concello ten pendente o establecemento dunhas directrices para poder continuar coa tramitación do PXOM, tendo en conta que hai certa incertidume e falta dun criterio claro para poder avanzar.

Dende o Concello de Viveiro faise partícipes a todos os grupos muni-

cipais neste asunto e destaca o consenso por parte de todos os voceiros sobre a necesidade de celebrar esta reunión coa AXI.

Esta xuntanza, que foi solicitada hai case dous meses e sobre a que insistíuse en diversas ocasións, é fundamental. O PXOM é determinante para o desenvolvemento do Concello de Viveiro, polo que non cesará no traballo e esforzos necesarios para poder aproballo, tendo en conta que se trata dunha normativa fundamental tanto para o desenvolvemento industrial como para que o municipio poida seguir crescendo en todos os ámbitos.

A alcaldesa confía en que esta reunión sexa convocada canto antes e que, nesa xuntanza se poidan resolver as cuestións que permitan seguir traballando para a aprobación do Plan Xeral.

## O BNG propón crear un carril bici entre Lodeiro e Celeiro

O BNG de Viveiro propón quitar o enreixado existente que vai desde o antigo Casino até Celeiro para deixar un paso libre, aberto e de uso e desfrute da veciñanza. Aseguran que quitar esta verxa suporía “unha oportunidade para novos usos públicos, tan só abrindo novos accesos para vehículos e peóns, está a oportunidade de crear aparcamentos nas zonas que están máis perto dos edificios, ambulatorio e comercio”.

Entre as posibilidades que ofrecería

abrir este novo espazo, os nacionalistas destacan tamén a creación dun carril bici que una Viveiro e Celeiro cunha vía cómoda e segura para bicicletas e patíns eléctricos.

Así mesmo, presentaron unha moción para habilitar unha zona para cans en praias e zonas verdes de Viveiro. Segundo os nacionalistas “o único que se fixo durante os últimos anos en Viveiro, foi unha proposta de ordenanza cuxa aprobación inicial non saíu adiante”.

## Veciños de As Pallaregas instan á reparación das dúas vías de acceso

Veciños de As Pallaregas, na parroquia de Covas, queixanse do péximo estado de dúas vías de acceso ao núcleo, así o comunicou o voceiro popular Óscar Rodríguez que sinala que “os residentes están fartos de ter que circular por estradas cheas de fochancas, con puntos nos que a calzada é moi estreita e con tramos nos que parece que o Concello se esquece de levar a cabo as labores de roza”.

Rodríguez anunciou que o PP presentará unha iniciativa no próximo pleno, para que o goberno de Viveiro faga as xestións necesarias para amañar canto antes as dúas vías.

“Hai puntos”, segundo explica Óscar Rodríguez, “nos que a situación se volve aínda máis complicada. É o caso do lugar de A Casería. Neste punto acaba a estrada, pero non hai sinal que indique tal circunstancia. Debido a elo, son numerosos os condutores que teñen que manobrar para dar a volta, non sen certas dificultades. Nesta zona hai numerosas e grandes fochancas. Os veciños din que, polas circunstancias que que-

den indicadas, o camión de recollida do lixo non se acerca a este punto, e os residentes teñen que cargar un tramo largo coas bolsas de residuos”. Rodríguez sinala que “o goberno municipal ten que escoitar aos veciños que sofren cada día o mal estado en que se atopan os accesos a As Pallaregas. Xa que non parece querer facelo, o grupo municipal popular presentará unha iniciativa no próximo pleno na liña das demandas dos veciños que canto antes se proceda a reparación destas vías, se complete o traballo de roza da maleza das beiras e, se é posible, se ensanche a calzada nos puntos máis estreitos”.

Chegou a hora...  
... a hora do

# ARNAO VERMUT

O NOSO VERMUT

Produto de

**CASTILLO SAN DAMIAN**  
Discosta Norte S.L.

Dompiñor, 12. 27715 Ribadeo  
982 128 900  
www.discosta.com



**CEMITERIO DE ALTAMIRA.** Finalizaron as obras de reparación de parte do muro do Cemiterio Municipal de Altamira, en concreto da esquina situada contra o apeadoiro de tren na Ponte Labrada. Con esta intervención, o goberno local soluciona os problemas de asentamento que apareceron nesa parte do cemiterio municipal.



## Rematada a obra do novo centro de atención da Seguridade Social

Finalizou a obra do novo Centro de Atención e Información da Seguridade Social (CAISS) de Viveiro, co que o Goberno cumpre unha demanda de 30 anos da comarca da Mariña. José Miñones, delegado do Goberno en Galicia, comprobou o resultado deste investimento de 844.325 euros sobre unha parcela cedida polo Concello xunto coa alcaldesa de Viveiro, María Loureiro.

O novo edificio, que foi recepcionado onte, substituirá ao actual CAISS ubicado na planta baixa da Casa do Mar de Celeiro, onde comparte as instalacións con outros servizos do Estado e da Xunta. O delegado do Goberno lembrou que por estas instalacións pasaron nos últimos dous anos máis de 20.000 persoas que agora verán mellorada a atención cun "edificio diáfano, accesible e cunha superficie de 400 metros cadrados", na liña da traballo do Goberno de garantir o acceso á xestión das prestacións. "Nun momento como o actual, é prioritario facilitar estes trámites por tódalas canles posibles", indicou, engadindo que na provincia de Lugo, "só en maio a Seguridade Social aboou máis de 38.000 pensións por xubilación, viuvez ou incapacidade, e o



Visita do delegado do Goberno a Viveiro

Ingreso Mínimo Vital chegou a 4.671 lucenses".

**COHESIÓN.** O delegado do Goberno indicou que estes investimentos permiten avanzar cara á cohesión territorial, que conforma, xunto coa cohesión social, a transición ecolóxica, a transformación dixital, e a igualdade de xénero os eixes estratéxicos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España. A cohesión territorial nace do "convencemento de que calquera cidadán, con independencia de onde resida, debe ter as mesmas oportunidades para estudar, para traballar

e para relacionarse coas administracións", explicou José Miñones.

Xunto co novo CAISS, o Goberno promove outras actuacións na Mariña para avanzar nesta modernización sostible, dixital, e cohesionada. O delegado citou, entre outras accións, a extensión da banda ancha de altas prestacións a través do Plan PEBA. No caso de Viveiro, a última convocatoria deste Plan do Goberno permitirá ampliar este servizo imprescindible a 83 entidades de poboación deste Concello nos próximos meses dentro do proxecto aprobado para a provincia de Lugo e que mobiliza 7,5 millóns de euros.

## Portochao contará con área para autocaravanas



A área de Portochao

Vaise crear unha área de autocaravanas e furgonetas camper en Portochao, na finalización do paseo fluvial do Landro, trala aprobación da proposta do BNG ao Pleno.

Miriam Bermúdez, a voceira nacionalista, destacou a importancia de conservar este espazo e que, en previsión dunha afluencia maior da recomendable, haberá que especificar que se trata dunha zona natural e residencial que compartir coa veciñanza, estudando incluso a posibilidade de establecer un número limitado de autocaravanas.

Lembraron tamén que nun Pleno no 2018 propúxose a creación dun plan ambiental no que actuar ante

a invasión de vexetación foránea ao longo de todo o paseo fluvial e en especial en Portochao, onde o "plumacho" está a invadir toda a zona, sendo necesario repoboar a contorna con árbores e arbustos autóctonos.

A moción contou co apoio de todos os grupos da corporación municipal agás o PP que optou por se abster, segundo eles, por non ter o informe dos técnicos municipais aínda despois de que lles fora confirmada a valoración positiva dos mesmos, posicionamento que non se sustenta ao non modificar os usos do lugar, nin como aparcadoiro nin como lugar de ocio.

## A piscina municipal contará con actividades durante xullo

O Concello de Viveiro terá actividades na piscina municipal para este mes de xullo, así, contará con iniciación á natación para nenos nados entre 2012 e 2016, establecendo dous grupos con seis prazas en cada un deles, e actividades de sala mix training.

A natación para nenos será en dous grupos, un os luns e mércores e o outro os martes e xoves. Nos dous casos, o horario da actividade será de 10:00 a 11:00.

O prazo para inscribirse nesta actividade remata o luns ou o martes da vindeira semana, en función do grupo.

Actividade de sala mix training. Trátase dunha actividade nova que, durante este mes de xullo, será gratuíta para os socios, impartíndose de luns a venres, de 20:00 a 21:00 horas. É unha actividade multidisciplinar na que, cada día, se realizará unha actividade diferente. As prazas están limitadas a seis persoas por día.

As persoas interesadas en sumarse a estas actividades poden obter máis información de calquera destas actividades ou realizar a reserva dirixíndose á recepción da piscina municipal ou chamando ao teléfono 982 570 610.

## Inician unha campaña sobre cambio climático

A localidade de Viveiro está a desenvolver unha campaña de sensibilización sobre o cambio climático e a defensa do medio ambiente baixo o proxecto Viveiro sustentable.

A primeira campaña desta iniciativa consistiu nun programa de compostaxe doméstica, na que están involucrados os centros educativos do municipio, que pretenden apoiar desta forma os seus programas de fomento de alimentación saudable.

Toda a cidadanía de Viveiro pode

sumarse de forma gratuíta a este programa de compostaxe. Para participar é necesario completar un formulario (<https://cutt.ly/yh05rrf>), enviar un correo electrónico a [viveirosustentable@mediagesgm.com](mailto:viveirosustentable@mediagesgm.com) ou chamar ao número 675 507 832.

O único requisito para formar parte deste programa é ser veciño do Concello, ter un pequeno xardín ou terreo e estar disposto e motivado para formar parte deste proxecto educativo e formativo.

## EN BREVE

**PRAIAS SEN FUME.** O Concello de Viveiro súmase á Rede galega de praias sen fume, promovida polo Programa de promoción da vida sen tabaco da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, coa incorporación á rede das praias de Covas e Area. Esta campaña ten un fin educativo, de promoción da saúde e de protección do medio ambiente.

**PASEO MARÍTIMO.** Procedeuse ao pintado dos farois do paseo marítimo entre o inicio da avenida Martín Ledesma, dende o edificio da Cruz Vermella, ata o final da avenida Luis Cebreiro, fronte aos Castelos de Covas.

# 2500 m<sup>2</sup> a tu disposición

¿Qué harías con ellos?  
Nosotros, reforestar.

Tenemos un bosque para ti.

Únete a nuestro proyecto de reforestación y descubre más en [ortegaloil.es](http://ortegaloil.es)

EL BOSQUE DE  
ORTEGAL OIL

Ortegal Oil
[www.ortegaloil.es](http://www.ortegaloil.es)
 Ortegal Oil
 881 93 18 56



## EN BREVE

**ESCOLA DE MÚSICA.** Desde o vindeiro xoves, 1 de xullo, e ata as 14:00 horas do 15 de xullo estará aberto un prazo de solicitude de matrícula na EMMed no curso 2021/2022 para o novo alumnado. Farase de xeito telemático a través dun formulario que se atopa na páxina web da escola.

**ALMACÉN ALIMENTOS.** O Concello de Ribadeo realiza traballos para habilitar como almacén de alimentos un espazo anexo ao Centro de Día. O investimento ascende a 24.000 euros. Trátase dunha edificación duns cincuenta metros de planta que se atopaba en moi mal estado, e estase acondicionando cunha nova cuberta, nova carpintería e arranxo de soleira e de paredes, para así ter dous ocios diferenciados, un que será destinado para almacenar alimentos frescos e outro para alimentos non perecedoiros.

**A DEVESA.** O campamento xuvenil realizou obras para o acondicionamento das instalacións. Están financiadas cunha achega do Goberno autonómico de máis de 136.000 euros. Estanse a levar a carbo labores de mantemento como a pintura interior e exterior dos barracóns; o acondicionamento do camiño da entrada principal; ou os traballos de carpintería, reparación de aseos e revisión das instalacións eléctricas. Este campamento dividirase en sete quendas que ofrecerá ata 365 prazas e estará repartido do 1 e o 10 de xullo, do 15 ao 24 de xullo, do 29 de xullo ao 7 de agosto, e por último do 12 de ao 21 de agosto.

**LIMPEZA DE RÍOS.** Estanse a executar actuacións de conservación e limpeza nos treitos interurbanos de varios ríos no concello. As tarefas centráronse nos leitos dos ríos Vilaselán -ao seu paso polas parroquias de Ove, Piñeira e Vilaselán-, Moureira -no seu transcurso por Piñeira- e San Xulián -en Rinlo e Vilaframil-. Previamente os equipos traballaron no río Cabalar, á altura de Meirengos, da parroquia da Devesa; e no rego de Esteiro.

## Organizan nos meses de verán xeorutas e visitas teatralizadas

Este verán é posible coñecer en 10 percorridos guiados Ribadeo, que inclúen dúas visitas teatralizadas a de Ribadeo Ilustrado e a do Camiño do Encanto.

A visita teatral Ribadeo Ilustrado estará a cargo do grupo de teatro Os Quinquillans Teatro e serán todos os xoves de xullo, agosto e setembro ás 20.30 horas a partir do día 15 deste mes.

A do Camiño do Encanto a través dos relatos teatralizados que gardan os atractivos máis singulares da vila. Farase en bus e será o 18 de xullo e os días 1,15 e 29 de agosto con saída ás 10.30 horas da oficina de turismo. Dende o punto de vista natural dara-

se unha ampla visión do patrimonio xeolóxico presente ao longo de todo o litoral. Así, organízanse 4 Xeorutas. A primeira, a Xeoruta dos Arcos, para explorar o conxunto de arcos rochosos máis importante da península Ibérica. Será o xoves 8 e 22 de xullo; o martes 10, xoves 12, martes 24 e xoves 26 de agosto e martes 7, xoves 9 e venres 10 de setembro. Terán unha duración de 45 minutos e serán 1,5 quilómetros.

A Xeoruta da Ría servirá para descubrir a orixe da ría de Ribadeo, a súa evolución, e as formas que xerou nesta a erosión mariña e fluvial. Farase o xoves 1, martes 6 e martes 20 de xullo, o martes 3, xoves 5 e

martes 17 de agosto, e o xoves 2 de setembro. Terá unha duración de 3,5 horas e percorrerase a pé 6,5 quilómetros.

A seguinte xeoruta será a dos Pre-gues e servirá para mostrar unha das maiores estruturas xeolóxicas da Mariña Lucense. Será unha ruta de 3 horas e de 4 quilómetros e farase o xoves 29 de xullo e o martes 31 de agosto. A Xeoruta dos Ollos farase o xoves 15 e martes 27 de xullo e o xoves 19 de agosto. Poderase gozar dos tesouros xeolóxicos deste treito litoral e do fermoso pobo mariñeiro de Rinlo nunha ruta de 3 horas e 5 quilómetros que comezarán na praza de Santa Catarina en Rinlo.

## Entra en vigor a ordenanza de limpeza viaria

O 10 de xullo, entrará en vigor a nova ordenanza de limpeza viaria e xestión de residuos en Ribadeo. Desde o Concello lembran que “é a partir das nove da noite cando hai que depositar o lixo nos contedores, co obxectivo de evitar que os residuos orgánicos estean fermentando todo o día ao sol ocasionando cheiros que ás veces se volven insoportables. Facer o contrario é un comportamento incívico, é dicir botar o lixo cando nos dea a gana sen respectar o horario de verán. Tamén é incívico ir deixando as cábichas, as máscaras, as cáscaras das pipas ou os papeis nas beirarrúas. Hai contedores e papeleiras para depositar estes elementos”.

## Adamo e Acisa asinan un convenio de colaboración



O presidente de Acisa e o responsable de Adamo firmando o convenio

Acisa vén de asinar un convenio de colaboración con Adamo con condicións vantaxosas para os asociados e asociadas. Ao acto asistiron o presidente do colectivo empresarial ribadense, Francisco Iriarte, e o responsable de zona da empresa de telecomunicacións, Alejo Andrade. Desde Acisa o seu presidente, Francisco Iriarte, destaca “a gran promoción realizada de Ribadeo por parte de Adamo coa campaña do pobo máis amado de España. Por

iso é polo que cando nos propuxeron asinar o convenio, pensamos que tiñamos que estar á altura. Adamo conta con implantación na zona e segue en expansión, por iso consideramos que aos nosos socios e socias poderíalles interesar todo o que a empresa lles pode ofertar”. Aquelas empresas que contraten fibra con Adamo Business pagarán un 50% menos durante os tres primeiros meses e terán un desconto especial na segunda fibra.

## O Concello demolerá as vellas escolas de Cedofeita



Escolas de Cedofeita

O Concello ribadense saca a licitación pública a construción do edificio multiusos de Cedofeita. O investimento ascenderá a 138.000 euros, dos que a Área de Cultura da Deputación de Lugo achegará 90.000 e o Concello aportará 49.000 euros.

Todas as empresas interesadas na execución deste contrato teñen información á súa disposición na Plataforma de Contratos do Estado ou ben no Perfil do Contratante da páxina web municipal. As obras saen a licitación por un importe de 138.088

euros e un prazo dun ano. A construción deste inmoble contempla a demolición das vellas escolas que se atopan nunha situación de ruína co perigo que isto supón para a veciñanza. O prazo de presentación de ofertas será de 20 días naturais a contar desde o día seguinte á publicación na plataforma de contratos. Esta obra supón unha importante mellora nas condicións de espazo tanto para as actividades dos propios veciños como para as propostas que partan do propio Concello.

**MENÚ DIARIO**  
**MENÚS ESPECIALES**  
**PESCADOS**

**Los viernes y sábados**  
**Carnes y pescados a la parrilla**

Plaza Conde Fontao, 3 (Puerto) - Foz - Tel.: 982 140 433

ABIERTO TODOS LOS DÍAS



## O PP denuncia o abandono do Forte de San Damián e das vías



Estado no que se atopa o Forte San Damián

A vicevoceira do Grupo Municipal Popular de Ribadeo, Elena Sierra, denuncia “o Forte de San Damián atópase nun estado de abandono absoluto. Outra vez máis vemos o deixamento deste goberno que non se preocupa do noso patrimonio”.


A popular sinala que “este espazo, idóneo para exposicións, tería que estar noutra situación”; pero “non existe nin mantemento nin conservación diaria”. Nese sentido, Sierra lamenta que o goberno local do BNG diga que restaura pero que unha doazón tan importante coma a imprenta de La Comarca e de Riberas del Eo ao Concello “atópese tirada no medio dunha sala chea de humidades”.

A vicevoceira do Grupo Municipal Popular considera, polo tanto, que “coa súa falta de traballo, o goberno local ri dos cidadáns”. Ademais,

engade que “o que é de titularidade municipal atópase totalmente abandonado” mentras que aos particulares os obriga a conservar o seu patrimonio e os seus terreos.

Sierra explica que “desde o noso Grupo Municipal esiximos ao goberno do BNG a conservación e o mantemento do noso patrimonio”.

**ESTRADAS.** A popular Montse Seijo, coordinadora do rural, únese ás reclamacións “que levan facendo os veciños de Rinlo dende fai moito tempo” e urxe ao goberno local a arranxar a vía de saída desta parroquia. A popular denuncia o estado intransitable no que se atopa a carretera de saída desta parroquia do noso concello e reclama unha solución para esta vía municipal; xa que “os veciños de Rinlo pagan os seus correspondentes impostos”.



**ÁLVARO MARTÍNEZ.** O ribadense Álvaro Martínez Fernández proclamouse vencedor absoluto da quinta edición do Desafío Asti Challenge. Martínez, único integrante do equipo Eo Tec co seu robot Paíro, foi o gañador absoluto.

## Ribadeo prohibirá os cans nas praias no verán

O Concello colocará nos accesos ás praias carteis coa prohibición de aproximarse aos cantís e tamén estará prohibida a presenza dos cans nas praias do 15 de maio ao 15 de setembro e durante Semana Santa. O vindeiro 10 de xullo entrará en vigor a nova ordenanza sobre o uso das praias. Ademais deron comezo as probas de selección dos 17 socorristas, 1 coordinador e 3 técnicos sanitarios, que prestarán servizo nas praias durante o verán xa que a tempada de baño empezará o 1 de

xullo e irá ata o 31 de agosto.

Na nova ordenanza figura que entre o 15 de maio ata o 15 de setembro e tamén na Semana Santa estará prohibida a permanencia dos cans nas praias. Hai, como en toda norma, unha exclusión nesa prohibición e é que se poderá circular cos cans por sendeiros e camiños que estean habilitados na contorna das praias, sempre e cando vaian suxeitos coa correa e cumprindo as restantes normas que resulten na súa aplicación.



A zona onde se fará o carril bici

## Un carril bici unirá Os Bloques e Illa Pancha, na que seguen as denuncias de Ecoxistas en Acción

O Concello de Ribadeo creará un carril-bici entre o centro urbano da vila e o Faro de Illa Pancha. Este proxecto, encadrado nunha actuación máis ampla, consiste na adaptación como vía ciclista dun traxecto de catro quilómetros entre a praia dos Bloques e a zona do faro, bordeando a costa e discorrendo por lugares emblemáticos como O Cargadeiro e o Forte de San Damián. Incluirase tamén o aglomerado do tramo comprendido entre a praia de Rocas e o encontro coa estrada provincial LU-P-5202.

O carril bici será bidireccional de 2.50 metros de ancho mentres

que no resto do traxecto se optará por harmonizar o paso de vehículos e bicicletas nunha vía de sección única de prioridade ciclista e limitada a 30 quilómetros por hora.

**DENUNCIA.** A organización Escoloxistas en Acción considera que non se cumpren os criterios básicos esixidos para garantir a protección do medio ambiente e que se está a incurrir nun delito ecolóxico polo que insta á fiscalía a solicitar que se imponha a correspondente sanción ao infractor e a obriga de repór o medioambiente ao seu estado orixinario.

### EN BREVE

**APAGA.** A Asociación de Profesores de Automoción de Galicia organiza unha serie de actividades que se desenvolverán durante o verán, entre as que se atopa o X Fórum de Innovación e Formación sobre Vehículos que se celebrará a finais de agosto. O día 26 de xuño comezará un curso de diagnose de vehículos con osciloscopio e posteriormente terán lugar outros de soldadura e de vídeo.

**OBRADEIROS.** Conectividade, os obradoiros para a adolescencia de Ribadeo chegaron para quedarse. Durante o 12 ao 16 de xullo haberá diferentes talleres como i-ffotoeduca que engloban fotografía, sexualidade e diversidade, ler e escribir imaxes co móbil; un pouco de teatro con Teatro dxs Oprimidxs para a Igualdade e Diversidade na Sexualidade; música co Taller de rap e masculinidades igualitarias e para finalizar vivir unha experiencia de Escape room. Para anotarse haberá que acudir a Casa da Xuventude de Ribadeo e hai prazas limitadas.

**MERCADO DOS DOMINGOS.** Dende este domingo 27 de xuño e ata o día 10 de outubro a contorna da Praza de Abastos de Ribadeo acollerá o Mercado dos domingos en horario de 9.00 a 14.00 horas. Nel poderase atopar produtos de alimentación da horta, pan, queixos, cervexas artesanais, marmeladas ou coitelos. Tamén produtos de proximidade, de tempada e saudables. Contará con 14 produtores da zona e dun radio de non mais de 50 quilómetros de Ribadeo.

**RIBADEO INDIANO.** Os organizadores do Ribadeo Indiano anunciaron que neste ano 2021 tampouco haberá celebración indiana por mor da pandemia.

**RÚA VISPO.** O Concello de Ribadeo vendeu os dous inmobles de propiedade municipal que tiña na rúa Vispo Veres, números 2 e 4. O importe obtido, máis de 61.000 euros, irá destinado a diferentes obras públicas, especialmente nas parroquias. Con esta actuación queren empezar coa rehabilitación destas ruínas para dar unha mellor imaxe como tamén unha maior seguridade pública.





## Piden apoio á Xunta para a celebración da V edición de Amarte

O Concello de Burela demandou apoio da Xunta para a celebración do V Certame Internacional de Pintura Mural Amarte e para a organización de diferentes actividades paralelas coas que renderlle homenaxe á Feira do Bonito. Esta festa foi declarada de interese turístico nacional en 2019 e todo apunta a que non poderá celebrarse no seu formato habitual este ano por mor da actual situación sanitaria. O concelleiro de Cultura, José Díaz, reuniuse, en Santiago, coa directora da Axencia de Turismo de Galicia, Nava Castro, e coa directora de Competitividade deste organismo, María Baleato. José Díaz subliñou que “en 2021 queríamos saber se esta axuda ía facer chegar ou non ás festas de interese turístico nacional. Dixéronme que ían apoiar este tipo de festas, as de interese nacional e internacional”.

## Bumei Burela recibirá unha achega para as actividades da muller

A Asociación de Mulleres en Igualdade de Burela recibirá unha achega este ano de máis de 200.400 euros. Este colectivo realiza actividades formativas e conta con aulas de formación propias.

Competencias básicas dixitais e comprensión oral nas linguas oficiais. Do total da axuda que a Asociación de Mulleres en Igualdade de Burela recibiu a través da última convocatoria de entidades 2020-2022, 51.000 investíronse no apoio á inclusión básica, mentres que máis de 81.600 destínanse aos programas de apoio á inclusión sociolaboral e transición ao emprego. Entre outras iniciativas ás que se concederon subvencións atópanse as que buscan a alfabetización oficial e comprensión oral nas linguas oficiais de Galicia, o de competencias básicas dixitais, ou o de mediación social e intercultural, entre outros.

# Un orzamento de 7 millóns de euros

O presuposto municipal do Concello de Burela para 2021 ascenderá a máis de 7 millóns de euros. Este aprobouse en pleno extraordinario o primeiro día de xullo. Tamén se aprobarán os festivos locais de 2022, que serán o Martes de Entroido e o luns das festas patronais.

O Pleno foi telemático coa intención de que fose o último neste formato sendo o principal tema a aprobación dos orzamentos.

Llano explicou que “os orzamentos por fin se puideron levar a pleno dado que houbo moitas dificultades, estivemos sen Intervención durante moito tempo e houbo que elaboralos agora. Practicamente van na liña do ano pasado, son case 7.100.000 máis o que hai que engadir do Plan Único, que son 376.000 euros, polo tanto superamos nesa cantidade os do ano pasado”.

O alcalde subliñou que “están



Alfredo Llano, alcalde de Burela

orientados a atender todas as necesidades tanto sociais como de investimentos e servizos que están perfectamente calculados. Esperemos que sexan suficientes, están pensados para que así sexa e, desde logo, poder atender as necesidades de Burela da mellor maneira posible. Agardemos que todo vaia ben e poidan saír para adiante.

**BNG.** O BNG favoreceu a aprobación das contas coa súa abstención propoñendo unha serie de melloras tras acordar actuacións primordiais a incluír nos remanentes.

En verbas do voceiro do BNG en Burela, Mario Pillado, “os orzamentos son en certa medida similares ós do exercicio anterior salvo leves modificacións, tanto no gasto en servizos públicos coma no gasto social e de fomento de emprego. A gran carencia que atopamos está no plan de investimentos que queda moi reducido por iso cremos que é necesario incluír a cargo do superávit e dos remanentes de tesourería unha serie de obras e actuacións”.

Mario Pillado sinalou que “revisando cada área e política de gasto cremos que onde mais coxea é en urbanismo e servizos básicos. Actuacións concretas coma no caso da pavimentación da rúa dos Ma-

tos, da mellora dos accesos tanto en instalacións coma a Biblioteca e o Salón de Conferencias coma nas entradas á vila tanto polo Perdouro como pola zona de Pomedá; pero tamén cremos necesario un Plan de Urbanismo que regule tráfico, humanización e seguridade viaria, así como un convenio para o solar da antiga fábrica de Gres”

Continuou dicindo que “en materia de sumidoiro, cunha partida minúscula, e en alumeadado, que ve diminuído o seu gasto continuamente, cremos que se debe dar un paso adiante. Por iso propoñemos a reparación de alumeadado público que xa solicitábase para o plan único e tamén a conexión de vivendas que non teñen acceso a sumidoiro e que se lles cobra polo servizo. Por outra parte, tamén apostamos polas novas instalacións para asociación protectora de animais Bigotes”.

## Burela-IN promove a conexión do sector pesqueiro e o turismo

Chega o proxecto Burela-IN que promoverá a economía circular co sector pesqueiro grazas a este proxecto bianual de 54.001,10 euros financiados ao 100%.

Así, o Concello vén de recibir a resolución da Consellería do Mar pola que se concede unha axuda ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo.

A concelleira de Servizos Sociais e de Mar, Carmela López, promotora do proxecto, une ambas concellerías grazas ao mesmo, no que se fomenta o traballo en equipo de entidades de inclusión social e do sector pesqueiro: “hai varias actividades programadas, como obradoiros terapéuticos nos que se elaborarán produtos artesanais que terán como base do deseño as redes, tamén programas de sensibilización ambiental nos que se

creará unha mostra itinerante e un obradoiro de creación artística que culminará co acondicionamento do muro da antiga conserveira de Burela, situado na entrada ao porto. Neste caso a través dun concurso preténdese crear unha obra de arte que engada valor á nosa vila”. A Federación Galega de Confrarías e en especial a Confraría de Burela, a Fundación Expomar, a Asociación de Redeiras Cabo Burela, a Fundación Eu Son, a Asociación de Axuda ao enfermo mental da Mariña, a Asociación A Mariña Sen Plástico e o Concello de Burela están xuntos nun grupo de traballo que promove a inclusión social, a conexión co sector pesqueiro, a promoción turística da vila e que pretende consolidar unha sociedade máis educada ambientalmente, grazas ao proxecto Burela-IN.

## A Escola de Música organiza ata o 16 deste mes o XI Curso de Verán



Presentación dos cursos de verán

A Escola Municipal de Música de Burela continúa co XI Curso de Verán que se desenvolverá ata o 16 de xullo. Os primeiros días os rapaces e rapazas participaron no xogo musical Na búsqueda do Torques e do 12 ao 16 de xullo terán lugar os Cursos de Banda e de Jazz.

O Curso de Banda será pola mañá e o Curso de Jazz pola tarde. Isto é para

rapaces, que na súa maioría son da Escola de Música e doutras escolas da contorna que, sen ter a presión do colexio, aprenden dun xeito máis lúdico. Somos conscientes de que aínda temos as limitacións derivadas da pandemia, pero non quita que se realicen proxectos e este é un dos máis importantes que fai a Escola ao longo do ano”.

TU COMERCIO DE SIEMPRE  
**ahora también online**  
 piscina 32 €  
 ocultación 17 €  
 nevera 21 €  
 barbacoa 49 €

**SI TIENES JARDÍN**  
**TIENES UN TESORO**  
 ESTE VERANO ES PARA DISFRUTARLO  
 ESTABLECIMIENTOS  
**REY**  
[www.establecimientosrey.es](http://www.establecimientosrey.es)



# “Temos unha posición xeográfica envidiable”

**Ignacio Andía, presidente de ACIA Burela**

Ignacio Andía, propietario de Azos Consumibles, aterriza na presidencia da asociación ACIA Burela.

**Cantos membros forman a nova directiva?**

Somos sete, Elías Docabo, vicepresidente, Marcelino Andía, tesoureiro, Sandra Palmeiro, secretaria, e Rebeca García, Piedad Alonso e Óscar Coldeira, son vogais, e máis eu.

**Como se decidiu a coller as rendas de Acia?**

En xuño, tras estar en funcións a directiva anterior, houbo unha asemblea solicitando o cambio de membros da directiva que xa levaban moito tempo. E como as condicións da pandemia parecían favorables para poder arrincar a nivel xeral o comercio, plantexouse así o cambio.

**Levou tempo formar a nova dirección da asociación?**

Si que levou un tempo, pois hai que falar con xente, hai que buscar, pensar a quen lle gustaría formar parte, e sobre todo convencerlos. O normal nestes procesos.

**Que obxetivos ten Acia?**

Aínda estamos asentándonos e non nos podemos reunir coa corporación municipal. Temos moitas ganas de facer cousas pero temos que ver que é o que hai e con que recursos podemos contar. O que queremos é ir pouco a pouco e tentar facelo tan ben como a directiva anterior. Pero é un tempo complexo e levaranos uns meses asentarnos e ver de que humor está a xente.

**Como foi este tempo de pandemia?**

Pois para o comercio en xeral foi complicado, a incertidumbre de poder abrir ou non, de que protocolos aplicar, a falta de seguridade á hora de saír á rúa, o medo ao virus... todo isto limitou moito aos negocios. Pero afortunadamente todo nos comportamos mellor do que pensabamos e podemos seguir traballando.

**A xente implicouse máis co comercio local?**

Si, evidentemente. Temos a sorte de que os veciños das vilas e concellos de arredor veñen a mercar a Burela



e evidentemente eso notouse moitísimo, pero cando podemos volver abrir vimos que aínda seguían contando con nos.

**Notouse o turismo neste pouco tempo de verán?**

De momento si, pero aínda ten que chegar o forte do verán. O turismo será fundamentalmente nacional polos datos que temos. Nótase moito o aumento de xente no verán e sempre agrádese moito que veña xente da provincia.

**As festas e eventos durante o verán axudan ao comercio?**

Si, e agrádese moito todos estes eventos porque traen xente pero ao estar entrando na directiva aínda non somos moi conscientes das datas, da magnitude deles e do tempo,

é unha cousa que aínda nos intimida moito. E que coa situación coa que estamos hai que ir vendo como xurde todo.

**Contan con axudas?**

A día de hoxe polo que temos observado doutros anos si que hai algún acordo de colaboración, o que ocorre que aínda temos que valorar e facernos unha composición de lugar.

**Que é o mellor de mercar en Burela?**

Burela o que ten é unha posición xeográfica envidiable e temos un casco urbano moi consolidado. Contamos con diferentes comercios de todos os sectores, é dicir, non é unha vila sin máis, senón que contamos cunha moi boa densidade de poboación, de comercios e servizos.

## Abre na praza unha mostra sobre a biodiversidade mariña

A exposición fotográfica *Os nosos océanos* estará en Burela, na praza do Concello, do 2 ao 18 de xullo.

O concelleiro de Cultura, José Díaz, anunciou que “na praza do Concello teremos entre os días 2 e 18 de xullo unha exposición que se chama *Os nosos océanos*. É unha mostra de fotografía de diferentes autores internacionais a pé de rúa e que mostra a biodiversidade mariña para concienciarnos de que todo o que coñecemos como vida non só procede dos océanos senón que sigue dependendo deles. Nos mares escóndense moitas sorpresas que durante séculos alimentaron a curiosidade de científicos, de cazadores de tesouros e a admiración de todos”.

O edil burelés explicou que “esta exposición pretende espertar ese recoñecemento de que os océanos son cuna de vida, manantial de vida, reguladores dos elementos básicos do clima, depuradores naturais de contaminación, abastecen ademais de alimento e incontables materias primas. É unha exposición que aínda tanto beleza como transcendencia e emotividade e que estará aquí durante eses dezaseis días”.

## Actividades ao aire libre

Este verán chegan a Burela as actividades ao aire libre como sendeirismo e de cardio fit que serán desde xullo a setembro. Este programa de actividades activas comezará os martes na praza do Concello ás 20.30 horas con cardio fit, unha actividades gratuíta a cargo de Belinda Canoura do ximnasio Hawk.

Xa os días 17 de xullo, 21 de agosto e 4 de setembro haberá rutas de sendeirismo. Para participar haberá que apuntarse na casa da xuventude ou chamando ao 982 581 141.



**IES PERDOURO.** Daniel Piqueras Valle e Jorge Quelle Gómez, son os dous alumnos de 2º de Bacharelato do IES Perdoiro de Burela que superaron a media dun nove nas probas de acceso á universidade deste ano.

## Xa hai gañadores do certame sobre discriminación racial

Os gañadores dos Concursos de Lemas e de Debuxo-Pintura para a eliminación da discriminación racial do ano 2021.

A gañadora de Lemas foi M<sup>a</sup> Isabel Suárez Rey con *Que todas as razas actúen como irmáns*. E os de Debuxo-Pintura foron na 2ª categoría Shiva Eliska Alinda Nurhakim, e na 3ª categoría Jorge Manchado Rivero e Coral Rodríguez García.



## Burela xa conta coa mesa local de coordinación contra a violencia de xénero

Burela xa conta coa mesa local de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, que foi constituída onte no Salón de Plenos da Casa do Concello.

Nesta primeira reunión presidida polo alcalde, Alfredo Llano, e pola concelleira de Muller e Igualdade, Noelia M<sup>a</sup> Ben, participaron profesionais de todos os ámbitos municipais e outros implicados, directa ou indirectamente, na loita contra a violencia de xénero.

A edil burelesa dixo que “esta primeira xuntanza, na que se definiron os obxectivos e funcións da mesa, serviu ademais para iniciar un diagnóstico de situación e unha primeira recollida de propostas de mellora da coordinación en materia de intervención contra a violencia de xénero no concello”.

## O PP reuniuse coa comunidade de montes e os cazadores

Parte da directiva da Comunidade de Montes Veciñais reuniuse co grupo provincial do PP para abordar a posibilidade de que a comunidade de montes puidera liderar un proxecto piloto na comarca para dinamizar a economía forestal.

A reunión tamén serviu para concretar nas vindeiras datas unha charla explicativa relativa á nova lei que afecta ás plantacións e aos terreos forestais. Neste senso, veuse con moí bos ollos a posibilidade de que a charla estivera aberta, non só aos membros da comunidade de montes, senón tamén a todos aqueles veciños que quixeran informarse sobre o tema e aclarar as dúbidas que puideran xurdir.

# “Queremos animar á xente nova a facer o relevo xeracional”

**Martín Lestao é o presidente da Asociación Burela Floral, encargada da elaboración das alfombras**

Falamos con burelés Martín Lestao, presidente da Asociación Burela Floral, que é a encargada de realizar as alfombras na vila, unha tradición que se remonta a fai 28 anos.

**Como comezou con este tipo de arte como son as alfombras florais?**

Eu estudei Belas Artes en Pontevedra, pero quizáis comecei porque na miña familia temos todos unha vea artística. Aínda que levo metido no mundo das alfombras florais moito tempo por tradición familiar xa que antes de facer a alfombra enteira facíanse rosetóns no percorrido diante da igrexa, por debaixo da ponte, no porto... e a que estaba debaixo da ponte comezouna a miña tía María das flores, miña nai, Ángeles de Muebles Toxeiro, etc, e ano tras ano e pouco a pouco empeza a meterse a familia e acaba sendo unha tradición.

**Cal é o seu labor?**

Desde o 2012 levo coordinando o tramo de toxeiro, desde a ponte da vía ata Calzados Tomás. Ademais de que fago plantillas, apor to debuxos e tamén algunha creación propia para a alfombra.

**Canto se tarda en facer un tapiz?**

Pois depende do tamaño e do nivel de detalle que leve pois a maior nivel de detalle máis tempo nos vai levar, xa que o material co que traballamos é en bruto, é dicir, hai que ilo preparando.

**Con que tipo de materiais traba-**

**llades?**

Empregamos flores como margaridas, hortensias, claveles, rosas... calquer flor que aguante o paso de tempo e utilizamos a flor enteira ou a desfollamos para utilizala en diferentes partes. Tamén usamos virutas tinguidas, serrín de cores, sal de cores e ciprés para o verde.

**Como é o proceso de creación?**

Dentro do que era a normalidade pre pandemia, unha alfombra levaba un mes de traballo pois durante ese tempo hai que preparar todo o material. Por exemplo en abril comezaríamos coas plantillas e xa a primeira semana de maio comézase a cortar o ciprés, tarefa que dura unhas tres semanas, e xa na última combínase co traballo de preparación da flor.

**Como se manteñen os materiais durante todo ese tempo?**

O verde gardámolo en caixas sen amontonalo e nun lugar a escuras ou con pouca luz ademais de que ten que estar seco para que non se estrague. A maioría das flores trabállanse en dous ou tres días e aguantan bastante ben a hortensia e o clavel aguantan moito tempo, e por exemplo as señoras maiores ensináronos que a margarida hai que gardala por capas con follas de xornais húmidas entre as capas. Pero iso si, para traballalas teñen que estar secas porque se traen algo de humidade podrece todo.

**Como traballaban na alfombra antes da pandemia ?**



Arriba, membros da asociación e, abaixo, un momento da elaboración da alfombra

Para a alfombra tradicional de Burela, a que vai da igrexa ao porto, trabállase por tramos e somos 5, e cada tramo conta con arredor de 30 a 50 persoas. O mes anterior ás festas xuntámonos ás noites despois de traballar nun baixo para picar o verde ou a tinguir o serrín ou o labor que toque, e estamos falando, contamos chistes, levamos biscoitos, facemos unha chocolatada despois, etc. Pasámolo moi ben

**Dende a asociación contribúen na divulgación deste labor?**

Si, facemos algunhas actividades e obradoiros sobre todo para nenos. Queremos animar á xente nova para que non se perda esta tradición e que haxa relevo xeracional. Tiñamos o proxecto de ir a colexios a ensinar esta tarefa aos cativos pero viu a covid e non puidemos comezar. Tamén facemos talleres para así inculcarlle á xente o bonito deste traballo e así procurar que se involucre máis a xente nova.

**É unha tradición de Burela?**

É unha tradición de Burela e sobre todo dos pobos marítimos, son cultura e riqueza para nos. Que sería dunhas festas sen alfombra floral? Serían unhas celebracións moi raras xa que levamos 28 anos enchendo as rúas da vila.

**Pódense atopar alfombristas noutras cidades ou países?**

Si. O alfombrismo está bastante arraigado e hai moita cultura floral no mundo. Fai uns anos a Asociación Cultural de Alfombras de Bueu investigou sobre os alfombristas de Galicia e a raíz disto chamáronnos e fumos a un Encontro Internacional a Santiago no 2017, isto deu lugar a inscribirmos na Federación Galega de Alfombrismo e despois no 2019 chamáronme para ir a México a unha Mostra Internacional. De feito o Encontro Internacional do 2020 íase celebrar en Toquio como apertura dos Xogos Olímpicos pero a covid trunco os plans e cancelouse todo.

Goza da natureza, dos entornos, das vistas, da súa historia...

Viveiro

Concello de Viveiro



## O Concello reparte axudas para os negocios

O Concello do Vicedo publicou as bases da convocatoria de axudas a negocios para facer fronte ás consecuencias derivadas da crise motivada pola covid19 e contribuír á súa recuperación e viabilidade no novo contexto socioeconómico. Habrá dúas modalidades de axuda, incompatibles entre si, no caso de ter dereito as dúas, así que deberase elixir unha delas. As tipo I, que serán para autónomos e microempresas cuxa actividade se vise afectada por algún dos peches de establecementos dispostos nas correspondentes normativas ao longo do ano 2020.

As axudas Tipo II serán para autónomos e microempresas cuxa actividade se vise afectada de xeito parcial por ter reducido a súa facturación en alomenos un 50 % respecto do promedio facturado no ano anterior á declaración do estado de alarma. A baixada da facturación calcularase de forma xeral comparando os datos de facturación anual de 2020 cos de 2019. O orzamento para estas axudas ascende a 36.000 euros e cada unha



delas terá un importe de ata 1.000 euros. No caso de actividades de tempada percibirán unha axuda proporcional aos meses de apertura.

Para beneficiarse destas axudas haberá que contar cun establecemento permanente directamente afecto á actividade no Concello do Vicedo, ou ter o domicilio fiscal no Concello e non dispoñer de local en ningún outro Concello distinto, ou estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias entre outros requisitos.

O prazo de solicitude estará aberto ata o 30 de xullo de 2021. Para máis información haberá que contactar coa Axente de emprego.

## Ofertan clases de informática na aula Cemit para todas as idades

A aula Cemit do Vicedo, situada na casa da cultura, acollerá clases de informática gratuitas para todos os niveis, ven sexan adultos ou nenos.

Estas clases serán en horario de 10.00 a 14.00 horas de luns a venres. Pero teñen a aula dispoñible en todo momento para consultas puntuais.

Para participar haberá que inscribirse chamando ao 982 590 195



ou mandando un email a cemit.ovicedo@xunta.es. Tamén comezará nas vindeiras semanas un curso sobre manexo de móbiles.

## Volven os mércores de natureza

O Concello do Vicedo volve acoller os mércores de natureza no que programa varias eventos para este mes de xullo, e que dará comezo coa presentación das actividades na praia de Arealonga o mércores 7 ás 16.30 horas.

Xa o mércores 14 ás 22.30 horas haberá unha ruta de sendeirismo nocturna pola ponte sobre o río Sor do Vicedo a Xilloi. O seguinte mércores ás 16.30 horas poderase desfrutar dunha ruta de kayaks dende a praia de Abrela, pasando polo Fuciño do

Porco, a Cova da Doncela e volta a Abrela. En caso de malas condicións marítimas modificarase para ir pola baixada do río Sor de Ribeiras ao Vicedo.

O mércores 28 xullo ás 10 horas será a Xeoruta pola costa que inclúe as praias de Area Grande e Xilloi.

Ademais haberá unha actuación de Paco Pakolas o mércores 14 ás 20 horas na casa da cultura e monicreques de Trécola cunha obra sobre os viquingos o sábado 24 de xullo nun horario por determinar aínda.

## Ecos da Galerna poderán visionarse



O mes de xullo do ano 1961 quedou marcado a madeira e salitre na memoria colectiva dos pobos mariñeiros, non só do Cantábrico. Agora, 60 anos despois da Galerna falan os recordos das xentes do mar dos concellos de Mañón e do Vicedo que a viviron en primeira persoa.

Cándido, José e Secundario son as testemuñas de Ecos da Galerna do 61, onde Hixinio Puentes realiza os apuntamentos históricos nun audiovisual, producido por Nordés e realizado por Pinancho Audiovisuais.

Este documental presentárase o sábado 10 de xullo na Casa da Cultura do Vicedo ás 19.00 horas, o domingo 11 no Centro Sociocomunitario de Mañón, O Barqueiro, ás 19:00 horas, e o sábado 17 de xullo no Centro Social de Espasante ás 19:00 horas.

O aforo estará limitado e seguirase a normativa sanitaria vixente pola covid19. Para asitir, é preciso realizar a reserva previa no 653 756 454.



Asociación GDR 1  
**Terras de Miranda.**  
GRUPO DESENVOLVEMENTO RURAL

## IMPULSANDO O DESENVOLVEMENTO DA MARIÑA LUCENSE

Programa de Desenvolvemento Rural:  
Leader Galicia 2014-2020




### GDR TERRAS DE MIRANDA CONVOCATORIA 2021-2022

Para a convocatoria 2021-2022 do programa Leader aberta o día 3 de maio de 2021 ata o 3 de xuño, no ámbito de actuación do GDR TERRAS DE MIRANDA, entidade colaboradora de AGADER para a xestión do programa Leader, presentáronse un total de 22 proxectos, por un importe global de inversión que excede dos 3.700.000€. Tres son as tipoloxías dos proxectos:

- **9 proxectos produtivos:** De modernización de empresas, creación de centro de día para persoas con enfermidade mental e proxectos turísticos novidosos e que representarían unha oferta atractiva e diferente no territorio.
- **6 non produtivos de Entidades Privadas:** Dirixidos a incrementar os servizos á poboación en colectivos específicos e que se desenrolarán por parte de entidades sen ánimo de lucro.
- **7 non produtivos de Entidades Públicas:** Preséntanse proxectos de Tics no rural, actuacións de recuperación de elementos históricos, naturais, culturais e patrimoniais, centros de información turística, rutas de sendeirismo e prestación de servizos en xeral á poboación.

O GDR conta con 460.873,55€ para esta convocatoria 2021-2022. O Grupo tamén realizará varios proxectos de animación propios, subvencionados tamén a través do programa Leader para desenvolver a súa estratexia de desenvolvemento local. Destacan:

- "Estudio para a creación dun Espeleoparque na Mariña"
  - "Estudio de restauración e uso dos Órganos do Mosteiro de San Salvador de Lourenzá"
- Desenrolará tamén proxectos no ámbito turístico como a creación dun produto turístico e outro de Dixitalización dirixido a empresas vinculadas cos ámbitos turístico e agroalimentario.





## Medalla de ouro a unha mel alfocega

O mel Ouro Puro, de Alfoz, logrou unha medalla de ouro nos premios London Honey Awards, o que supón un importante recoñecemento a nivel mundial. Así o comentou o responsable de Ouro Puro, Iván Marrube, que se amosou moi satisfeito con esta distinción que conseguiron na categoría de mel en packaging.

Iván Marrube destaca que “seguramente é o premio de mel máis importante a nivel mundial, no que conceden distincións aos que teñen uns esixentes estándares de

calidade. Foi a primeira vez que nos presentamos a este certame, que ten unha gran repercusión a nivel mundial”. Tamén está moi contento porque “os meus amigos de O poder das flores, de Carballido, e Mari Fe, de O Valadouro, tamén lograron medallas de ouro, o que supón un recoñecemento moi grande ao mel de Galicia”.

Marrube explica que “en Ouro Puro estamos moi satisfeitos porque na primeira tempada que nos presentamos a catas ter o máximo recoñecemento a nivel galego e ta-

mén nun dos concursos máis prestixiosos a nivel mundial e algo moi importante. Nós xa sabíamos que tiñamos un produto da máis alta calidade, e por iso lle chamamos Ouro Puro, pero é un orgullo que cho recoñezan e poñer ao concello de Alfoz no mapa mundial do mel”. O mel Ouro Puro, de Alfoz, xa fora elixido o mellor de Galicia na categoría de monofloral na XIX Cata dos Meles organizada pola Consellería de Medio Rural e a Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia en decembro do ano pasado.

## Xornada de Historia Local

O castelo de Castroduro acollerá o vindeiro 17 de xullo, día que se corresponde co Mercado Medieval, unha Xornada de Historia Local: ciclo de conferencias.

Este acto comezará ás 10.00 horas coa charla A mesa e mantel co mariscal Pedro Pardo de Cela: a cociña no bispado de Mondoñedo na Idade Media, e estará a cargo de Carlos Andrés González Paz, do Instituto de estudos galegos Padre Sarmiento.

Ás 12.00 horas será a quenda de Pegerto Saavedra, da USC, que falará sobre A fidalguía de pazo en Galicia: os fidalgos-comerciantes da Mariña de Lugo.

Máis tarde Dolores Barral Riva-dulla, da USC, exporá A moda e a



roupa medieval como elementos de estudo: exemplo na Mariña luguesa; e xa pola tarde será a visita guiada ao Pazo de Carricide ás 17.30 horas.

Xa pola noite, ás 22.00 horas poderase desfrutar dun concerto no exterior do castelo a cargo do grupo de música tradicional Tundal.

## vegadeo

## O Concello acolle este mes un campamento en dúas quendas

O Concello de Vegadeo acolle un campamento urbano do 19 ao 23 e do 26 ao 30 de xullo. Este campamento deseñouse para cumprir cun obxectivo lúdico-cultural, colaborando coa tarefa educativa pero dentro dunha contorna relaxada para propiciar os aspectos prácticos da aprendizaxe engadindo un alto grao de diversión para fomentar a socialización, participación e o enriquecemento persoal dos participantes; establecendo como temática nalgunhas das actuacións o coñecemento da comarca e a súa historia cultural.

Está estruturado en oito talleres: música e movemento, ciencias, ac-

tividade física, contacontos, teatro, inglés, historia e manualidades. Cada un deles desenvólvese en días distintos, ao longo de 4 horas e teñen obxectivos e finalidades diferentes pero cun denominador común, a cultura a través do xogo. Estrutúrase de forma que os menores poidan asistir a todas as sesións ou a sesións illadas de acordo coa temática que se publicará.

Establécense tarifas reducidas para persoas empadroadas no municipio e para persoas aloxadas nos establecementos da comarca, polo que todos os establecementos que estean interesados contarán cuns bonos para que se faga efectivo



devandito desconto.

A organización conta con todas as facilidades tanto para os participantes como para os colaboradores, así como un sistema de inscrición no que haberá que chamar para reservar ao teléfono 684 650 067 antes do 9 de xullo.

## Unha plantación de eucaliptos dana gravemente un castro



O castro con danos

As asociacións ADEGA e Mariña Patrimonio presentaron denuncia perante a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural por mor dos posibles danos ocasionados no xacemento arqueolóxico do Castro da Croa de Montoxo, durante a realización de traballos forestais de corta e replantación de eucaliptos.

Ao visitaren o xacemento, ADEGA e Mariña Patrimonio comprobaron que se abrían no Castro de Montoxo novas pistas para o paso da maquinaria e a saca da madeira, afectando gravemente os parapetos e os foxos defensivos en varios puntos. Así mesmo, nos parapetos, nos foxos e máis na croa do castro realizáronse centos de furados con pa mecánica para a plantación de novos eucaliptos. En moitos destes furados pódense apreciar pedras das antigas construcións do castro así como numerosos restos cerámicos de olaría da Idade do Ferro.

As asociacións denunciante si-nalan tamén que na zona máis

elevada do xacemento chama poderosamente a atención a gran cantidade de fragmentos de tella medieval que aparece nos furados abertos pola pa mecánica.

### ERROS DE XEOLOCALIZACIÓN.

Para ADEGA e Mariña Patrimonio, a intervención e os danos provocados no Castro de Montoxo constitúen un auténtico atentado contra o Patrimonio Cultural de Galiza, cuxa responsable directa podería ser a propia administración pública. A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural está outorgando permisos de intervención a sabendas de que no Catálogo de Patrimonio Cultural de Galicia existen erros, tanto na xeolocalización como na delimitación de moitos xacementos. En concreto, o Castro de Montoxo, catalogado e protexido, aparece situado nun lugar equivocado nos visores de consulta pública de aproveitamentos forestais e do Plan Básico Autonómico.

## Pablo Ballesteros, Vegadense do ano

O xurado designado pola Asociación Amigos de Vegadeo y su Concejo concedeu o premio XXIII Premio Vegadense do ano a Pablo Ballesteros Lago, que actualmente é o segundo adestrador da Ponferradina, e cuxa candidatura foi presentada pola Peña Sportinguista de Vegadeo.

Pablo foi tamén pregoeiro das Festas del Quince no ano 2015 precisamente, e o xurado considerouno un

candidato excelente pola súa traxectoria profesional deportiva, polos seus valores e a súa colaboración e difusión de eventos deportivos.

O acto de entrega celebrábase o xoves 5 de agosto no auditorio Félix Menéndez da casa da cultura de Vegadeo. E o premio simbolízase nun diploma e unha reprodución da Diadema de Vegadeo, xoia castrexa prerromana.



Xurado do premio Vegadense do Ano





# “Os concellos de interior temos moito por descubrir”

Aranxa Incera, concelleira de Turismo de Alfoz

Aranxa Incera, concelleira de Turismo e tenente de Alcalde en Alfoz, destaca a cantidade e calidade de recursos turísticos que ten o concello malia ter case 80 km cadrados.

## Que ofrece Alfoz fronte aos veciños concellos da costa?

Estamos ubicados nunha situación estratéxica xa que en 15 minutos pódese poñer na costa de Burela e de Foz, é dicir, podemos ter outro tipo de turismo que non é só o de praia. Os concellos de interior temos moito por descubrir.

## Cales son os principais atractivos para o turismo?

O símbolo do Concello sen dúbida é o Castelo e a súa contorna privilexiada, por iso no mes de xullo o que facemos é convertelo en protagonista indiscutible. Despois temos a ferverza do Escouridal que cada vez ten máis visitantes, e estamos mellorando a súa contorna con carteis e consellos de seguridade, contamos co río Ouro e tamén ca Pena Abaladoira, que xa é serra do Xistral que é reserva da biosfera. Nos o que temos é unha zona de moitos contrastes.

## Que tipo de turismo acollen?

Cada vez funciona mellor o turismo rural, estanse poñendo moitas casas como vivendas turísticas, e todo o mundo que ven repite. Somos unha zona moi tranquila e moi preto da costa pero en plena natureza o que implica que temos un turismo slow,

é dicir, os turistas visitan a fondo os recursos e os eventos da zona, intérsanse pola gastronomía e prestan atención á natureza. Notamos moito turista dos nosos veciños da Mariña, creo que estamos todos descubrindo a cantidade de recursos que temos ao noso arredor.

## Púxéronse en marcha as audioguías ficcionadas, foron ben acollidas polos turistas?

Si, son unha aposta por mellorar a experiencia do viaxeiro e propoñen un percorrido polo interior e exterior do Castelo. Pódese baixar da propia web no móbil ou coller uns auriculares in situ. Durante o mes de xullo serán gratuítas e despois custarán 2 euros e ademais terán determinadas bonificacións para menores de 12, para centros educativos, etc.

## Traballades coa Mancomunidade en moitos aspectos, non?

Si, o traballar unidos con toda a A Mariña é bo para todos, xa que o xeodestino é un gran beneficio para todos, porque vamos tendo xente en busca de sol e praia pero que tamén se interesa cara o interior gracias as oficinas de turismo dos diferentes concellos. Ao traballar coa Mancomunidade temos cantidade de proxectos en mente que nos gustaría facer, e que moitas veces depende de ter un apoio económico das administracións. Temos con eles un proxecto moi importan-



Equipo de Goberno de Alfoz

te, que é lograr ter un centro interpretativo do Mariscal no castelo, e volver a potenciar a ruta Pardo de Cella nas que ademais estamos varios concellos.

## Hai algunha medida fronte ao virus?

As restriccións de aforos estámolas aplicando en todos os sitios e en todas as actividades desde o principio. Moitos actos son no Castelo e aínda que as salas son grandes hai que marcar ven as distancias e preferimos pecar de produdentes, ademais de que xa estamos todos acostumbrados a este tipo de normas e o xel hidroalcolico xa forma parte das nosas vidas. No tema dos auriculares das audioguías cando se recollen están perfectamente preparados, desinfectados e nunha bolsiña individual.

## Este ano haberá Mercado Medieval?

Non haberá, porque para facelo co formato habitual é moi complicado pola covid19e a incertidumbre nas normas, así que apostamos por manter a data do calendario facendo outro tipo de actividades ou outro formato.

## En que consistirá entón?

O día 17 de xullo faremos unha Xornada de Historia Local cun ciclo de

conferencias sobre o Mariscal Pardo de Cella, a fidalguía na Mariña e a moda e roupa medieval. Pola tarde será a visita guiada ao Pazo de Carricide ás 17.30 horas, e á noite poderase desfrutar dun concerto no exterior do castelo a cargo de Tundal e tamén contaremos cunha exposición de traxes medievais do 12 ao 25 de xullo.

## Que plans hai de futuro para Alfoz?

A situación que pasamos co covid19 fainos traballar máis cara o presente, non se poden planificar as cousas a longo prazo. Pero se queremos manter a boa situación e seguir potenciando ese tipo de turismo respetuoso co medio ambiente, de calidade, de natureza, etc, temos que poñer en valor os propios recursos e hai que ir vendo e adaptándose as circunstancias.

## A oficina de turismo está ubicada nunha contorna privilexiada?

Si, atópase no castelo de Castrodouro e en verán abrimos a oficina de martes a domingo de 11.00 a 14.00 e de 17.00 a 20.00 horas. Ademais procuramos ter a web moi actualizada e tamén, gracias a Mancomunidade, que está a facer un labor moi importante do xeodestino en internet coa formación e asesoramento aos responsables de turismo.

## EN BREVE

**EXPOSICIÓN.** A exposición de traxes medievais que forma parte das actividades programadas arredor á data habitual do Mercado Medieval poderase visitar no Castelo de Castrodouro. Aínda que o Mercado non se celebrará no seu formato habitual, sí contará con diversas propostas para mantelo vivo. O horario de visita será do 12 ao 25 de xullo.

**PISCINA.** O Concello de Alfoz abrirá a piscina municipal o día 12 de xullo trala renovación e mellora das instalacións. Esta abrirá durante os meses de xullo e agosto. O horario será de luns a domingo de 12.00 a 20.00 horas e o uso da mesma é totalmente gratuito, sendo un servizo fundamental durante o verán contando con dous vasos, un deles infantil, e unha ampla zona verde de lecer, servizo de socorrista, etc.

**VIVENDAS.** Vanse rehabilitar vivendas de titularidade municipal no municipio de Alfoz co fin de destinalas a alugueiro social. Isto servirá para que o Concello que ten demanda de vivenda de promoción pública poida crear un parque residencial para ofrecelo en réxime de arrendamento. Farase un espazo de uso residencial no primeiro piso dun edificio antigamente ocupado pola escola do núcleo da Pinguela.

**NAVE DA MAQUINARIA.** Comezaron as obras de construción dunha nave almacén de maquinaria no concello mariñano de Alfoz, nas que a Deputación fai unha achega de 115.300 euros para esta nova edificación, que se levanta na Granda de San Pedro, xunto á piscina municipal e o colexio, mentres que o concello aporta 4.435 euros, dentro do convenio de colaboración asinado entre estas dúas institucións.

The collage features several promotional posters:

- Top Left:** Poster for Raquel Queizás (Galicia) on Sunday, 04 de XULLO, 2021.
- Bottom Left:** Poster for Quico Cadaval (Galicia) on Saturday, 10 de XULLO, 2021.
- Center:** Poster for Manuel Gago with Mano Panforreteiro and Teresa Jarreno, titled "Heroes que dormen, heroes que resisten, heroes que mudan", on Sunday, 11 de XULLO, 2021.
- Right Side:** Posters for the Atlantica festival at the Castle of Castrodouro Alfoz (20.30 h | GRATUITO) and the Xornada de Historia Local Alfoz on Saturday, 17 XULLO SÁBADO at the Castle of Castrodouro.



## Volven as visitas guiadas pola vila tralo parón da pandemia



Mondoñedo vai levar a cabo un ano máis visitas guiadas gratuítas ao Conxunto Histórico da Cidade que se desenrolaran os mércores e venres ás 12 horas nos meses de xullo e agosto. O lugar de saída das mesmas será o exterior da oficina de turismo a onde haberá que dirixirse previamente para apuntarse. Estas percorrerán o centro da cidade e durarán arredor de 1 hora e 15 minutos. A persoa encargada de levar a cabo estas visitas será Abel Vigo García,

Arqueólogo do Concello de Mondoñedo.

Esta actividade de visitas guiadas desenrolarase coas medidas anti-Covid 19 marcadas por sanidade e, na mesma, o número de persoas que poderá asistir a cada unha delas estará en función destas normas.

A reserva de prazas poderá facerse ata o mesmo momento de saída das vistas e tamén se poderá facer previamente no número de teléfono da Oficina de Turismo 982 507 177.

## Aberto o prazo de inscrición para a Feira de Artesanía Os Muíños do 31 de xullo

A asociación do barrio dos Muíños de Mondoñedo informou da realización da VI Feira de Artesanía, que será o sábado 31 de xullo.

Igual que noutras edicións as prazas son limitadas polo que a asociación reservase o dereito de elixir os artesáns que participaran este ano. Só se permitira a exposición e venda de pezas artesanais e produtos locais, non se permitira a revenda de produtos de fabricación industrial.

Para participar será necesaria a inscrición previa.

Este encontro de artesáns achegados das comarcas veciñas amosarán o súa labor nos diferentes sectores como deseño, produtos locais e oficios tradicionais.

## Mondoñedo terá un centro de rexeneración urbana

Mondoñedo terá un centro de rexeneración urbana co que por primeira vez en Galicia se completará unha Área Rexurbe con todos os elementos que a compoñen.

Así, autorizouse un convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Mondoñedo e a Xunta disporá dunha contía de case 140.000 euros para impulsar o funcionamento deste centro, que deberá contar con medios e materiais humanos para atender os obxectivos do programa.

Este centro, que dependerá do Concello, será o punto de información, asesoramento, xestión, seguimento e difusión da Área

Rexurbe de Mondoñedo, co obxectivo de impulsar as actuacións de recuperación, rexeneración e dinamización do ámbito. Segundo o plan de dinamización da Área, aprobado en febreiro deste ano, as actuacións previstas para o período 2020-2024 requirirán dun investimento de aproximadamente 16,9 millóns de euros.

As áreas Rexurbe foron creadas ao abeiro da Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia de 2019, co obxectivo de facilitar a recuperación dos conxuntos históricos declarados bens de interese cultural (BIC).

## Adxudicadas as obras da antiga escola de Santa María Maior

A Xunta de Goberno mindoniense adxudicou as obras de adecentamento da antiga escola Santa María Maior por valor de 31.250 euros. Deste xeito, tal e como indican dende a entidade local, o Concello continúa co seu compromiso de por en valor os centros e espazos do rural, "co fin de que recuperen a súa actividade como lugar de encontros e de dinamización".

O inmovible que se pretende rehabilitar data de 1965. Está constituído por unha edificación de planta baixa e planta primeira. Na baixa sitúase a antiga escola, actualmente utilizada como local veciñal, mentres que a primeira está sen uso. Trátase dunha única propiedade, sen división horizontal.

**DESCRIPCIÓN DAS OBRAS.** O pra-



Escola de Santa María Maior

zo de execución dos traballos é de 3 meses. Consisten na reparación da cuberta de lousa e da propia estrutura do inmovible; substitución da carpintería exterior en formigón; rehabilitación da porta de entrada; colocación de contraventás interiores de madeira nas zonas onde non existen e restauración das exis-

tentes nas fachadas principal e traseira; instalación nova do subministro eléctrico en toda a vivenda; pintado exterior das fachada e da vivenda; renovación da fontanería; e saneamento do cuarto de baño e a cociña, ademais da colocación de novas pezas sanitarias na primeira das instancias.

## Os nacionalistas sacan adiante a proposta de prolongar o terceiro carril no alto da Xesta

O BNG sacou adiante na Comisión de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos a proposta de prolongar o terceiro carril de subida pola N-634 ata o enlace coa A-8 no alto da Xesta.

O deputado nacionalista Daniel Castro lembrou que o BNG leva desde o ano 2015 plantexando esta medida e aínda que a nivel municipal e provincial sempre se aceptou esta mellora por todos os grupos os gobernos populares e socialistas no congreso nunca se pronunciaron polo tema.

Segundo apunta o voceiro municipal, Eloi Cabanas, esta medida fora proposta xa no concello no ano 2015 por entender que sería unha alter-

nativa aos continuos peches da A-8 a raíz dos cales moitos transportistas decidiron desistir de empregar a autovía pola perigosidade do Fiouco e tamén polo menor consumo de combustible que supón o traxecto de 18 quilómetros pola N-634, que aínda que son dous máis ca o traxecto por autovía, o tempo é practicamente o mesmo e o aforro económico tamén é considerable.

A pesar de que a proposta saíu adiante, o BNG pídelo ao PSOE que se poña mans á obra e non espere a ver que pasa co proceso de construción e experimentación dos prototipos antinéboa seleccionados para reducir o problema no Fiouco.



### ALQUILER DE AUTOMÓVILES EN A MARIÑA

- Coches urbanos, compactos, berlinas y SUV, vehículos como nuevos y equipamientos de alta gama.
- Monovolumen de 9 plazas disponible.
- Posibilidad de recogida y devolución en los aeropuertos de A Coruña, Avilés y Santiago de Compostela

RENTING DE VEHÍCULOS. TRABAJAMOS CUALQUIER MARCA O MODELO.  
¡CONSÚLTENOS SIN COMPROMISO!

T. 670 979 852 • rcmarcantabrico@gmail.com • www.rentacarmarcantabrico.com

RIBADEO: Avda. Ría de Ribadeo, 20 - 27700 Ribadeo (Lugo)  
Tlf./Fax: 982 120 803

FOZ: Crta. General, 1 - Forxan - 27789 Foz (Lugo)  
Tlf.: 982 141 554

XOVE: Polígono Camba, 31 - 27870 Xove (Lugo)  
Tlf.: 982 102 020



## Estrean unha segunda oficina de turismo situada na praia de Coto

No día de hoxe, Barreiros pon en marcha un novo punto de información turística situado na praia de Coto. Estará aberto durante xullo e agosto en horario de 17.30h a 20.00h de martes a venres e os sábados de 11.00h a 13.30h e de 17.30h a 20.00h.

A oficina de turismo do Centro Sociocultural seguirá prestando servizo de martes a venres polas mañás, de 11.00h a 13.30h. Deste xeito, o Concello pretende achegar este servizo aos usuarios/as que acoden a Barreiros principalmente para gozar do litoral, polo que a actual oficina, situada en San Cosme, lles queda un pouco a desmán.

As súas extensas praias de area branca e fina son o seu principal recurso turístico, mais Barreiros conta con



A nova oficina de turismo

outros atractivos tanto de carácter natural coma cultural, polo que esta Oficina de Turismo contribuirá a divulgar a riqueza turística alén da súa costa. Ademais de acudir presencialmente, os usuarios/as poden poñer

se en contacto a través do teléfono 982.134.400, do correo electrónico turismo@concellodebarreiros.gal ou a través das Redes Sociais "Barreiros Turismo" (Facebook e Instagram).

## O Concello arranxa 2,5 km de vías municipais

O Concello de Barreiros está a levar a cabo a mellora de máis de 2,5 kms en cinco vías municipais das parroquias de San Cosme, Benquerencia e San Miguel por un importe de 30.670,91 euros.

A alcaldesa, Ana Ermida e o concelleiro de obras, Antonio Veiga, visitaron as obras para comprobar a súa execución, que finalizará nos vindeiros días.

Trátase de obras en viais de pequena dimensión nos que se inclúe a limpeza de cunetas e renovación do firme, axustándose ao orzamento obtido das rebaixas das obras do plan único do 2020. Os viais son os que dan acceso aos depósitos da Folgueirosa e acceso da Cruz Pequena a Vilar,

en San Cosme; acceso en Escanlar, en Benquerencia e dous accesos en Triana e Pumarín, en San Miguel.

Con estas actuacións, que se suman ás principais do Plan Único-cuxo comezo se prevé na vindeira semana- contéplase a mellora de máis de sete quilómetros de pistas de titularidade municipal con cargo aos fondos obtidos da deputación de Lugo, supoñendo un investimento neste concepto de preto de 140.000 euros.

O Concello xa ten adxudicado o plan marco de camiños do 2020-2021 financiado pola Xunta de Galicia por un importe de 51.290,69 euros para un total de 1,6km en Vilamartín e San Xusto.

## Al alcaldesa insiste na necesidade de financiamento adicional para a EDAR

A alcaldesa de Barreiros, Ana Ermida, vén de dirixirse á conselleira de Infraestruturas e Mobilidade para reiterarlle a necesidade de busca de financiamento adicional ao terzo comprometido pola Xunta.

A alcaldesa explica que se puxo en contacto telefónico coa conselleira, tras as declaracións e informacións aparecidas nos medios de comunicación nos últimos días, para reiterarlle a necesidade do proxecto e a inviabilidade de realizalo se o Concello ten que asumir un terzo do orzamento.

## Este verán haberá roteiros en kaiak e a pé pola ría do Masma

Este verán Barreiros organiza varios roteiros guiados en kaiak e rutas ambientais guiadas a pé por un tramo da marxe da ría do Masma. As de kaiak terán saída dende o embarcadero da praia de A Angueira. Trátase dunha opción diferente para gozar da tempada estival nunha contorna natural privilexiada, a ría do Masma. Nestas travesías percorrerase o litoral da ría pola marxe de Barreiros acompañados dun equipo de guías especializados.

As rutas a pé serán gratuítas e discurrirán polo trazado do Camiño



Natural do Cantábrico dende a praia de Altar ata a ponte do tren situada pouco despois da Lagoa dos Patos completando unha distancia aproximada de 8 quilómetros (ida e volta) a realizar nunhas tres horas.

Realizaranse catro rutas en total ao longo dos meses de xullo e agosto, podendo consultar toda a información na web do [www.aescola.concellodebarreiros.gal](http://www.aescola.concellodebarreiros.gal) ou chamando á Oficina de Turismo no 982 134 400. O prazo de inscrición permanecerá aberto ata 3 días antes de cada actividade.

## O CEIP de Reinante acadou un premio

O 2º ciclo de educación infantil do CEIP San Miguel de Reinante de Barreiros acadou o mellor traballo na modalidade de actividades artísticas dos premios do Certame Cooperativismo no Ensino 2021 celebrados no salón Teatro de Santiago de Compostela. Así, recoñeceuse como mellor traballo o realizado polo colexio barreirense co título *A que sabe o cooperativismo?*.

O certame ten por finalidade difundir e promover o cooperativismo e os seus valores, como son a solidariedade, o espírito democrático, a participación, a actuación colectiva ou a solución pactada de conflitos entre o alumnado.



**ACTUALIDAD**

Si eres hombre y has accedido a tu prestación de jubilación o incapacidad permanente entre 2016 y 2021...

**AUMENTA TU PENSIÓN**

Reclama el complemento de paternidad

**1ª CONSULTA GRATUITA**

Llámanos: **982 228 606**

**VA VEIGUELA ABOGADOS**

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES EN LUGO Y RIBADEO DESDE HACE MÁS DE 30 AÑOS

Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo.

982 228 606

veiguelabogados

veiguela abogados



## Campamento de verán para rapaces

O Concello de Riotorto organiza de novo este ano un campamento de verán para o verán. Esta actividade inclúe obradoiros, excursións, xincanas, búsqueda do tesouro e máis sorpresas. Será entre os días 2 e 7 de agosto en horario de 10 a 14 horas e está dirixido a nenos de 3 a 14 anos. As prazas estarán limitadas a 30 persoas e as inscricións poden facerse no Concello antes do xoves 30 de xullo. O campamento estará adaptado á normativa covid-19 e terá un prezo de 30 euros para os empadroados e de 50 para os que non o están. O prezo por neno empadroado no Concello e de 30 euros e dos que non o estean será de 50 euros.

## ITV móbil en xullo

A unidade móbil da ITV estará entre os días 27 e 28 de xullo en Riotorto para facer as inspeccións técnicas a vehículos agrícolas. O horario de atención será de 9.00 a 13.30 o 27 e de 15.15 a 18.00 horas o 28.

A unidade móbil estará situada na Grova, estrada Riotorto a Marco de Alvare. Para participar é necesario pedir cita previa, chamando ao teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web [www.sycitv.com](http://www.sycitv.com).

## O concelleiro socialista acusa ao alcalde de persecución por cortarlle a auga no domicilio

O voceiro Socialista de Riotorto, José García, anunciou que continuará coa denuncia diante do Contencioso Administrativo, tras a decisión do alcalde de Riotorto de cortarlle a auga no seu domicilio particular situado na parroquia de Espasande de Abaixo, e que nestes intres xa está restablecida, tras cortala o pasado xoves día 24. Alegaban dende o Concello que o concelleiro non pagaba as cotas.

O 26 de xuño, ás 17:00 horas un fontanero que realiza traballos como autónomo, personouse no domicilio do voceiro socialista para comunicarlle ía dar auga na vivenda, e que tamén ía instalar un contador fora da súa vivenda.

José García cualifica todo este espectáculo do PP de Riotorto "como bochornoso", ademais de converterse "nunha auténtica persecución política, que non pode ter cabida nunha democracia. Eu estou ao corrente dos pagos n tocante ao servizo de augas. Polo tanto considero que cortar o abastecemento de auga no meu domicilio particular durante 3 días, foi unha medida



O concelleiro fronte á súa casa

caciquil, déspota e incoherente", insistiu.

"As veciñas e veciños merecen un alcalde comprometido, serio e rigoroso, e non unha persoa que usa o despacho da Alcaldía e o seu cargo político para amedrentar a oposición política do seu Concello. Non quero que ningún veciño deste Concello pase pola situación que pasei eu estes 4 días, sen poder ter acceso a auga na miña vivenda, polo tanto pelexarei para poñer luz e taquígrafos a esta lamentable situación", resumiu.

## Elixidos os gañadores do premio de debuxo e poesía Avelino Díaz

O colectivo cultural Avelino Díaz fixo público o resultado da cuarta edición do Certame de Debuxo e Poesía.

Entre os máis pequenos, de 3 a 8 anos, a disciplina foi o debuxo e o vecendor foi Hugo Campos Nogueira, con *Guerra na granxa*, seguido de Alba Murado Folgueira, por *A festa de Meira*, e Antía Peña García, con *A nena da estrada*. Houbo accésits para Daniela Prieto, Xabier González e Mara Campos.

En poesía, na categoría de 9 a 12 anos, el traballo *Tan rápido?* de Ana Hernández Martínez foi a gañadora á que acompañaron *Lembrando a*

*nosa terra*, de Mateo Gesto Gil, e *O outono chegou*, de Carlos Raposo Riestra; e accésit para Sergio Alonso.

Na categoría C, de 13 a 17 anos, a gañadora foi Uxía Fernández Mazaira, de Lugo, coa peza *Muller*, seguida de Anele Franqueira Lamas, con *Sentamos enfrente da fogueira*, e Sara Sánchez Blanco, con *Chuvia*.

Entre os maiores de 17 anos, o primeiro premio foi para o traballo *Custodia da fenda*, de Beatriz López Dorado. Tamén gañaron Ermitas Rodríguez Gómez, con *Os abrazos pendentes*, e Xosé Lastra Muruais, de Ortigueira, con *Tremores*.

## O Concello reparte as axudas ás asociacións sen ánimo de lucro

O Concello de Riotorto fixo públicas as axudas a asociacións e entidades sen ánimo de lucro, que oscilan entre os 400 e os 1.100 euros. As dúas que máis reciben son a Asociación de Gaiteiros, con 1.100 euros e a de veciños de Santa Comba de Órrea, que ten 1.000 euros de axuda. Tamén reciben 800 euros a Asociación Cultural Arrincadeira e a Anpa.

Con cen euros menos quedan As amas de casa Santa Isabel da Ilusión, o coro parroquial, os veciños de San Xosé de Vilaseca e o club de bolos. O club Enduro recibe 750 euros.

Tamén haberá 600 euros para os veciños de Vilar de Santiago e os de Augaxosa. Pechan a listaxe, os de Chacín, Vale, Lourido Virgen de la Piedad e os de Santa Marta de Meilán.

## ConectaVerán oferta actividades para todas as idades



O Concello de Xove enviará aos fogares do municipio o folleto ConectaVerán coa oferta de actividades para este verán 2021. Haberá actividades como Xove Concilia Verán, que será dende o 24 de xuño ao 7 de setembro, para nenos de 4º de infantil a 4 de primaria, e o prazo de inscrición remata o 21 de xuño.

Conecta co Voluntariado será unha actividade que se desenvolverá du-

rante xullo e agosto para rapaces de 10 a 16 anos, e cuxo prazo de inscrición remata o 28 de xuño; e Educación familiar: exercicios de memoria para maiores de 60 anos, cuxo prazo de inscrición remata o 29 de xuño.

Para formalizar as inscricións e solicitar información haberá que acudir á OMIX de Xove ou chamar por teléfono ao 982 571 816, ou na dirección electrónica: [oix@xove.es](mailto:oix@xove.es).

## Alumnos do Caselles Rollán gañaron un concurso de carteis

O CEIP Plurilingüe Pedro Caselles Rollán de Xove fíxose co primeiro premio do concurso de carteis sobre reciclaxe enmarcado no programa educativo Recíclate con Sogama 2020-2021.

En concreto, o traballo gañador leva por título *Ti tes a chave do cambio*. Recicla!, corresponde á categoría de terceiro ciclo de primaria e está dotado cunha achega de 1.000 euros para a adquisición de material didáctico e o desenvolvemento de accións educativas, así como un diploma de recoñecemento.

Co seu cartel, os escolares de 6º de primaria deste centro xoven-se pretendían transmitir que calquera cidadán pode contribuír a conservar e mellorar o medio ambiente se ten vontade para facelo. E esta é, ao seu xuízo, a chave que permite abrir o candado, que non é outro que as dificultades, a comodidade, os temores, etc. Consi-



O grupo de alumnos gañadores do premio

deran que, cun simple xesto como é separar os residuos por tipoloxías e depositalos nos contedores correspondentes, estaremos a axudar a protexer a contorna e, por tanto, a nosa saúde. Urxen a propiciar o cambio antes de que sexa demasiado tarde.

**PROTECTORA.** Os alumnos de 5º e os seus profesores fixeron unha colecta para a asociación Protectora de Animais do Valadouro-Alfoz. Nesta colecta colaboraron os veciños do concello co seu graniño de area para que os animais da protectora teñan máis alimentos.



o valadouro

# Luz verde á construción dunha nova ponte sobre o río Ferreira

O Valadouro contará cunha nova ponte sobre o río Ferreira ao seu paso pola parroquia de Alaxe, así, o comunicou a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda emitindo a Autorización ambiental estratéxica da modificación puntual número 2 das normas subsidiarias de planeamento, a cal pretende modificar as aliñacións do Camiño da Cruz e posibilitar a execución desta nova infraestrutura sobre o curso fluvial.

Así mesmo, a modificación tamén se prevé a ampliación da sección actual dese viario en catro metros, polo que se modifica o trazado e a sección previstos nas normas subsidiarias.

A modificación afecta a un ámbito que abarca as 2,61 hectáreas de solo urbano consolidado e ten por obxectivo principal facilitar e mellorar as condicións de accesibilidade a este núcleo desde a avenida da Costa (LU-613), a través do Camiño da Cruz, unha vía que soporta actualmente tráfico interurbano, pero con deficiencias de capacidade. No futuro, permitirase o tránsito de vehículos a motor na contorna da vila sen necesi-



O lugar onde se fará a obra

dade de atravesar o centro, co que se favorece a desconexión. Tal e como se indica na AAE non se esperan efectos ambientais significativos, polo que se dá por finalizada a tramitación ambiental, ao non ser preciso a avaliación ambiental ordinaria.

**CENTRO DE DÍA.** Comezaron as obras do futuro Centro de Día do Valadouro gracias a un convenio de colaboración coa Deputación de Lugo. O futuro centro contará con 172 metros cadrados repartidos nunha

sala de rehabilitación, comedor, sala polivalente, oficina, almacén, sala de curas e dous aseos adaptados a persoas con mobilidade reducida.

As instalacións sitúanse nun baixo de propiedade municipal na avenida Deputación, e nos pasados días xa se realizaron os traballos que o dotan de calefacción e auga quente proveniente da nova caldeira de biomasa.

O convenio coa Deputación contempla o acondicionamento e equipamento do inmobile municipal por importe de preto de 57.000 euros.

trabada



A alcaldesa, visitando as obras da estrada

# Renovado o firme da vía a San Tirso de Abres

A alcaldesa do Concello de Trabada, Mayra García, e os concelleiros Julia Barcia e Rubén García supervisaron as tarefas de mellora e renovación do firme na estrada LU-P-6104, que comunica o municipio con San Tirso de Abres.

“Nesta estrada había uns blandóns provocados polo afundimento do firme en varios puntos da estrada, polo que era unha actuación moi necesaria para mellorar a seguridade viaria”, asegura a alcaldesa. O orzamento das obras ascende a preto de 12.000 euros e son financiadas pola Deputación Provincial

de Lugo, a titular da vía, unha das máis utilizadas polos veciños e veciñas.

“Dende o goberno municipal trasladamos esta necesidade no 2019 nunha reunión mantida co presidente da Deputación, ao que agradecemos a súa receptividade”, engade Mayra García.

Durante este tempo, levouse ademais a cabo a segunda e terceira fase da pavimentación da estrada que une Trabada coa Augaxosa, a principal vía de comunicación coa capitalidade da provincia, quedando na súa totalidade aglomerada.

# Chegan as actividades de Ludiverán

O Concello do Valadouro prepara as actividades de Ludiverán 2021 que están orientadas a rapaces e rapazas nados entre o ano 2009 e o 2017.

Recoméndase que a inscrición se faga preferentemente por medios telemáticos (sede electrónica ou e-mail [cultura@valadouro.gal](mailto:cultura@valadouro.gal)) se non é posible farase en persoa nas oficinas da Casa da Cultura con cita previa no 982571516 ext.1 de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 horas de luns a venres.

Unha vez iniciado o programa e, sempre e cando queden prazas libres, poderán inscribirse máis interesados ata cubrir todas as prazas. Se unha persoa inscribe un participante e están todas as prazas cubertas, ou se fai fóra de prazo, dita solicitude pasará á lista de reserva.

A lista de reserva serve para cubrir as prazas que queden vacantes ó longo da programación. O número de prazas estará limitado á ratio por monitor asinado ás actividades. Se un participante desexa deixar de acudir ó programa, o seu pai, nai ou representante deberá de pasar polas oficinas da casa da cultura, para comunicalo por escrito.

As actividades realizaranse ata o 31

de agosto (laborables) entre as 10:00 e as 13:00 horas.

O lugar de realización das actividades, agás previo aviso, serán as instalacións do pavillón polideportivo municipal do Valadouro e o patio de xogos (agás o parque infantil) do CEIP Santa María. En momentos puntuais programaranse pequenas excursións para coñecer o medio na que ningún inscrito acudirá só.

Os inscritos distribuiranse en grupos segundo as súas idades co fin de homoxeneizar o grupo de actividade do que forman parte.



# 24 nenos participan este ano nos campamentos de verán

O Concello puxo en marcha os seus Campamentos Urbanos de Verán 2021, unha iniciativa que ten como obxectivo prioritario axudar ás familias a conciliar a vida persoal e laboral. Un total de 24 nenos e nenas participan nestes campamentos e poderán ir ademais aos cursos de natación que darán comezo a próxima semana, en concreto os luns e os mércores de 13 a 14 horas. O Concello de Trabada ofrece tamén estes cursos de forma gratuíta aos adultos os martes e xoves de 12 a 13 horas.

Para inscricións pódese chamar ao Concello, 982 135 011.

Os campamentos de verán para nenos favorecen a conciliación das familias de Trabada e das persoas que traballan ou teñen familia no Concello, coa finalidade de prestar un servizo que dé maior cobertura ás familias. O servizo prestarase ata a primeira semana de setembro, con actividades de ocio e ocupación do tempo de lecer baseadas nos principios da educación non formal, en horario de 10.00 a 14.00 horas.

**TAXI JOSÉ MARÍA**  
Viveiro Lic. nº21  
Vehículo adaptado de 7 plazas  
Presupuesto sin compromiso  
Hoteles - Restaurantes - Hospitales  
Residencias - Aeropuertos - Viajes a toda España  
Rapidez, confort y discreción  
606 089 277  
pigueiras@hotmail.com - <https://jose-maria.negocio.site/>

**D & A Díaz & Abad**  
abogados  
LEY DE SEGUNDA OPORTUNIDAD  
¿TIENES DEUDAS?  
Da igual que seas empresa o persona física, podemos ayudarte.  
¡Te asesoramos con la Ley de Segunda Oportunidad!  
Travesía de la Marina, 51 - 3º. Viveiro (Lugo) - Tfno.: 982 570 243  
Rúa da Fonte 12, Mondoñedo  
UTILIZAMOS TODAS LAS MEDIDAS SANITARIAS CONTRA EL COVID-19 EN NUESTROS LOCALES



# “Na loita de brazos necesitamos difusión e que medre a afección”

Francisco Rodríguez é o presidente do club de loita de brazos de Oourol

O ourolés Francisco Rodríguez é o presidente do único club de loita de brazos en Galicia, e é o máximo expoñente deste deporte na comunidade galega.

## Como comezou?

O tema dos pulsos gustábame moito xa desde cativo e normalmente botábamnos pulsos por ahí cos amigos pero sen regras, e a raíz disto decidín apuntarme a un campionato para probar e ver como era e foi nese momento cando descubrí a loita de brazos. Despois disto comecei a base de ver vídeos e a facer algún adestramento cun compañeiro.

## Porque formou o club?

Porque en Galicia non había absolutamente nada sobre este deporte así que decidínme a crear a asociación polo 2016. Comezamos creandoo o meu irmán Iván e Noel Pernas.

## Cantos integrantes ten o club?

## Oourol conta con dúas obras vinculadas á eficiencia enerxética

Estánse a executar dúas actuacións de mellora da eficiencia enerxética no Concello de Oourol cofinanciadas entre o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), pertencente ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, e o Concello, con 142.350 euros de aportación estatal.

Ademais destes, o IDAE financia en Oourol dous proxectos máis: a instalación de iluminación pública exterior na parroquia de Bravos (a través do proxecto ILLUMIN@ da Deputación de Lugo) e a rehabilitación integral da antiga Cámara Agraria para oficinas municipais de atención ao público, con achegas de 22.815 e 82.027 euros respectivamente. En resumo, a totalidade achegada polo Ministerio para actuacións de transición ecolóxica neste Concello ascende a 160.602 euros.

Actualmente seremos uns 10, pero fai un par de anos chegamos a algo máis de 15. Pero co tema da pandemia baixou a competición e o poder reunirmos.

## Que tipo de adestramento necesítase?

Hai que facer exercicio específico sobre todo para traballar a man, o agarre, os dedos e sobre todo os xiros da muñeca. Hai que adestrar todos os días.

## Como son as competicións?

En España actualmente este deporte non está federado xa que piden requisitos como que haxa unhas 30 asociacións, e non hai tantas. Nos competimos a través da Asociación Española de Lucha de Brazos, pero hai centos de competidores, por exemplo en Cataluña, hai moita tradición quizais porque comezaron con isto nos anos 90, e tamén en Madrid hai moitos competidores.

## Tan so compiten homes?

Non. Compiten mulleres, nenos, xente maior, xente con mobilidade reducida, etc. Hai moitas categorías: infantil, junior, máster, grand máster, sénior grand máster, adaptado e mulleres e todos elas con categorías para os dous brazos. Tamén hai un Campionato e unha Copa de España, pero despois hai campionatos rexionais. O 20 de novembro deste ano será o XXIX Campionato Nacional en Cidade Real.

## Forza ou técnica?

Pois un pouco das dúas, pero é mellor ter técnica que forza. Hai que aplicar a técnica á forza que ten cada un.

## Cal foi o pulso máis longo?

O máis longo duraría uns 30 segundos e o máis rápido centésimas, é dicir, o arbitro está dicindo que xa podemos comezar e xa se escoita o son da man contra a mesa.



## Alguna anécdota?

Lembro a primeira vez cando chegamos a competir e que non tiñamos absolutamente idea de nada, era todo novo para nós, e nese campionato quedei primeiro en principiantes, cuarto na Copa de España e foi moi curioso porque ningúen o esperaba.

## E conta con moitos trofeos?

Eu son 9 veces subcampión de España, 3 en campionato nacional e 6 na Copa. Tamén son Campión en Portugal e 15 no mundo. Meu irmán Iván tamén foi campión de España. E no club hai algunha muller campiona.

## Onde practican?

No noso caso o Concello de Oourol cedeunos un local en Vilares no que puxemos varias mesas para adestrar e pesas.

## Contan con moito apoio?

Nós non contamos con grandes patrocinadores, o Concello axuda un pouco e atopámos algún patrocinador para as camisetas, pero non é suficiente como para costear o viaxe ao Mundial por exemplo, onde tiven que estar 9 días en Bulgaria. É un deporte que necesita difusión e tamén patrocinadores, pero ademais o que queremos é que medre a afección.

## Confirmado o cartel do IX festival Aturuxo de Bravos

A Asociación Cultural Aturuxeiros de Bravos xa ten confirmado o cartel para o festival Aturuxo deste 2021, que se celebrará o 10 de xullo. O festival ourolés chega este ano á súa novena edición xa que o ano pasado tivo que suspenderse por mor da pandemia. Este ano contarán co Circo Chosco ás 12.00 horas e o seu espectáculo Forzu2 e xa pola noite ás 21.00 horas será a quenda de Ce Orquestra Pantasma, as Tanxugueiras e Os D'Abaixo. “Un cartel adaptado ás circunstancias, pero coa mesma enerxía de sempre”, din dende a organización. Este ano o aforo será limitado, polo que o acceso ao recinto só será posible con entrada impresa ou QR, que se poderá reservar online.



Unha vez no recinto serán de obrigado cumprimento as normas covid, máscara, hixiene e distancia, así como atender e respectar as indicacións tanto dos membros da organización, coma dos voluntarios e membros do persoal de Protección Civil que axudarán na coordinación do evento.

## Visto bo á continuación das obras en catro estradas

A Deputación deu o visto bo á redacción do proxecto modificado e a continuación das obras en catro estradas do Concello de Oourol. A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto aclarou que “este modificado realízase para mellorar as condicións nas que quedarán as estradas”. Afecta ás vías provinciais LU-P-6602, de Ruanova a Muras entre o punto quilométrico 18,550 e o 19,095; a dous tramos da LU-P-3805, de Sixto a Campo do Foxo, do inicio ao 0,953 e do 11,240 ao 14,917; aos primei-

ros 2,676 quilómetros da LU-P-3808, que une Foxo con Portapena; e aos 200 primeiros metros da vía LU-P-6406, de Cristo da Portapena a Ponte Segade.

Este modificado supón un incremento do prezo nuns 48.200 euros polo que o orzamento para estas catro vías será finalmente duns 300.000 euros. Os traballos, que comezaron en abril, teñen un prazo de execución previsto de 6 meses e consisten na limpeza de cunetas, drenaxe e estendido de aglomerado en quente.

## Os rapaces de 4 a 12 anos contan con ludoteca de verán

O Concello de Oourol organiza, un ano máis, a Ludoteca de Verán para nenos e nenas empadroados en Oourol con idades comprendidas entre os 4 e 12 anos. Esta actividade desenvolverase ata o 31 de agosto e realízase en horario de 10:30 a 13:30 de luns a venres. Esta actividade realízase seguindo todas as medidas de protección e seguridade contra a covid-19, segun-

do as directrices dictadas dende as autoridades sanitarias competentes. Así mesmo, contarase cun servizo de conciliación de 8:30 a 10:30 h. para aquelas familias que acrediten a necesidade do mesmo. Este servizo está ubicado no Edificio Multiusos do Concello. Para máis información pódese contactar co Departamento de Servizos Sociais no teléfono 982 559 109 ou no 677 489 457.

Maite López Rego  
Delegada

Avda. Álvaro Cunqueiro, 25 • FOZ (Lugo)  
982 132 152 - 619 249 660 • lopem1@mapfre.com

MAPFRE



## O Concello estuda a eliminación dos impactos paisaxísticos

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, propuxo ao alcalde de Cervo, Alfonso Villares, estudar posibles accións para executar nos espazos públicos que reduzan os actuais impactos paisaxísticos no concello e melloren a percepción da contorna.

Ambos mantiveron unha reunión na que o rexedor lle trasladou os proxectos e iniciativas que quere impulsar a Administración local para mellorar os espazos urbanos e dinamizar social e culturalmente determinados ámbitos.

Neste sentido, a conselleira brindoulle a colaboración dos distintos departamentos que interveñen no territorio, como a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, a Axencia de Pro-



Vista de San Cibrao

tección da Legalidade Urbanística e do Instituto de Estudo do Territorio, para analizar as posibles actuacións e definir proxectos que contén co visto e prace e cumpran coas guías de boas prácticas en intervención en espazos públicos, citou a modo de exemplo.

Así, Ángeles Vázquez animouno a afondar e estudar que inmobles se atopan en desuso, na actualidade, e provocan un maior impacto visual ou son exemplo de feísmo no concello, co obxectivo de definir novos espazos urbanos ao servizo dos veciños.

### EN BREVE

**ACTIVIDADES DE VERÁN.** Deron comezo as actividades de verán co programa de Noites Alternativas, de luns a xoves, e Enredando no verán, luns e mércores. Todas as actividades foron deseñadas baixo o paraguas dun estrito protocolo dando cumprimento á normativa sanitaria vixente. Trátase dunha completa axenda de actividades, na que se fai especial fincapé nas modalidades deportivas individuais. Para máis información haberá que chamar ao 691 656 600.

**IOGA INFANTIL.** Preparan un curso de ioga infantil para os meses de xullo e agosto. A práctica deste exercizo beneficia aos máis cativos no aumento da autoestima, a calma e a relaxación, a concentración e sobre todo fomenta a diversión a través do xogo. Así, os martes estará dirixido a nenos de 6 a 9 anos e os xoves será para nenos de 10 a 12 anos. Ambos serán en horario de 11.30 a 12.30 horas na Casa do Mar. Para máis información e inscricións haberá que achegarse á casa da cultura ou chamar ao 691 65 66 00.

**BICIS ELÉCTRICAS.** Cervo dispón de aluguer de bicis eléctricas para percorrer o municipio dunha forma saudable e mediambientalmente boa. Poderase facer uso das bicicletas os días 10, 11 e 24 de xullo e 7, 8, 21 e 22 de agosto na praza dos Campos de San Cibrao en horario de 11.30 a 14.00 e 16.30 a 20.00 horas. Para máis información e inscricións haberá que achegarse o mesmo día ao lugar da actividade.

## Urxen á Deputación a limpeza das vías da súa titularidade

O Concello de Cervo amosou a súa preocupación polo estado no que se atopan todas as vías de titularidade provincial que transcorren polo termo municipal, “que a día de hoxe están totalmente invadidas pola maleza”, din as edís Mali Méndez e Dolores García Caramés. As concelleiras explican que un verán máis, vimos de remitirle unha solicitude por escrito ao organismo provincial urxíndolle que execute estes traballos “porque o estado destas vías, á marxe da mala imaxe que proxecta, supón un serio perigo para a seguridade dos peóns e do tráfico rodado”.

As vías de titularidade provincial

que se atopan nun estado deficiente son a de río Covo-Porto de San Cibrao LU-P-1501; Burela – Vilaestrofe – Ferreira LU-P-1502, Río Covo – Trasbar – Vilaestrofe LU-P-1503, Río Covo – Fábrica de Sargadelos LU-P-1504, Sargadelos – Vilaestrofe LU-P-1505, Cervo – Cuiña LU-P-1506, A Venta – Lieiro LU-P-1507, Figueirido – Paraño – Sargadelos LU-P-1508, Pedrouzos – Senra LU-P-1509 e San Cibrao – A Marosa – Burela LU-P-1510.

Desde o Concello de Cervo pídenlle pois, á Deputación que asuma a súa responsabilidade e que acondicione estas estradas con urxencia.




**ALEVÍNS DE TROITA.** Levouse a cabo unha solta de 50.000 exemplares de alevíns de troita para contribuir á repoboación e conservación desta especie no río Xunco. Os axentes medioambientais que traballan na zona de Sargadelos foron quen liberaron exemplares procedentes de criadeiros que xestiona a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

## Dúas cervenses crean un herbario dixital

Dúas cervenses fixeron un meticoloso traballo para elaborar un herbario dixital do Concello e así descubrir a riqueza e a diversidade vexetal do municipio. Uxía Treitas e Elisa Rodríguez, graduada en Belas Artes e en Bioloxía respectivamente, participaron no programa de bolsas de formación remuneradas do Concello para elaboralo.

Neste herbario, describen e identifican preto de 200 especies diferentes, froito dun intenso labor de campo que realizaron nos últimos meses durante a súa bolsa de formación e que irán completando para desfrute de todos.

Elas representan a esencia do programa de bolsas de formación remuneradas que ten en marcha o Concello de Cervo desde o ano 2013, unha importante aposta fi-



nanciada integramente con fondos propios, que ten como obxectivo prioritario ofrecer á xuventude ese primeiro contacto co mundo laboral, reforzando a súa aprendizaxe para enfrontarse a un mercado laboral cada vez máis esixente e competitivo.

## Formalizada a compra de terreos da planta de biorresiduos de Cervo

A Xunta de Galicia formalizou a compravenda dos terreos nos que se levantará a futura planta de biorresiduos de Cervo, por un importe de algo máis de 238.000 euros, despois de aplicárselle unha bonificación do 50%, como en todos os parques empresariais da provincia de Lugo.

O presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, e o director do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), Heriberto García Porto, asinaron esta mañá en Santiago de Compostela a compravenda, un acto no que tamén estivo presente o alcalde da localidade, Alfonso Villares.

Deste xeito, Sogama xa é a titular das cinco parcelas do parque empresarial de Cervo, que ocupan unha superficie de case 8.000 metros cadrados, dos cales 3.500 destinaranse a acoller unha nave pechada na que se desenvolverá o proceso de compostaxe, contemplando todas as fases polas que transcorre a xestión da materia orgánica, isto é, pretratamento, fermentación, maduración e almacenamentos.

A instalación estará dotada coas tecnoloxías máis innovadoras a fin de que acade a maior eficiencia e contará cos mecanismos necesarios para minimizar o impacto sobre a contorna. É o caso de potentes

sistemas de depuración de augas, cheiros e control de ruidos, alimentándose con enerxía renovable a través de paneis solares.

Terá unha capacidade para tratar 3.000 toneladas anuais de refugalllos orgánicos de carácter doméstico e outras 1.600 toneladas de material estruturante. A previsión é que esta infraestrutura produza cada ano 1.500 toneladas de compost de alta calidade para ser empregado como abono natural, na agricultura e xardinería, en substitución dos fertilizantes artificiais.

Na actualidade, Sogama está a redactar os pregos para a licitación da construción da planta, pendente igualmente da licenza urbanística do Concello. O investimento total na posta en marcha desta instalación ascende a 5 millóns de euros.

A planta de Cervo dará servizo a 15 municipios, pertencentes na súa meirande parte á comarca da Mariña lucense, cubrindo unha poboación de 70.000 habitantes, e integrarse na rede de infraestruturas despregada pola Xunta para propiciar que os concellos galegos poidan acceder á valorización da materia orgánica recollida selectivamente a través do quinto contedor, de cor marrón, que deberán implantar antes do 31 de decembro de 2023.



## O campamento será en xullo e agosto



O campamento de verán da Pontenova, que organiza o Concello, comezará o 26 de xullo e durará ata o 6 de agosto. Nel, os rapaces poderán ir de excursión e participar en xincanas, variados obradoiros, facer todo tipo de deportes, ademais de desfrutar das marabillas do Concello.

Os nenos estarán no campamento de 10.00 a 14.00 horas e estará adaptado á normativa fronte á covid19. A actividade en principio está prevista para idades comprendidas entre os 3 e os 14 anos e convén apuntarse porque hai límite de 50 prazas. Os interesados en inscribirse poden facelo na casa do concello ou chamando ao teléfono 982 342 277, ata o 20 de xullo.

# Presentan o novo Centro de Maiores

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, presentou xunto ao alcalde da Pontenova, Darío Campos Conde, o proxecto do Centro de Atención a Maiores que a institución provincial construíra neste concello.

As obras do edificio xa están en proceso de licitación, cun orzamento de preto de 2M€.

O presidente detallou que “para sacar adiante este proxecto, a Deputación de Lugo inviste preto de 2M€, aos que hai que engadir a parte do Concello, que chega a uns 300.000€”, concretou. Este investimento destínase ás obras de construción da residencia, pero tamén incluíu a redacción do proxecto, a licenza municipal e a adquisición da parcela, entre outros trámites administrativos que son necesarios.

**UN MODELO PROPIO.** O Centro de Atención a Maiores da Pontenova contará con 30 prazas de residencia e 20 de centro de día seguindo o modelo da Rede de Residencias provinciais.

“Son centros públicos cunha xestión

pública e con prazas 100% públicas e polo tanto, o noso modelo pon no centro ás persoas, tendo como único obxectivo prestar a mellor atención posible aos usuarios e usuarias, sen buscar o negocio nin a rentabilidade económica”, din.

Á súa vez, o presidente tamén especificou que as residencias da Deputación garanten o arraigo porque se dá prioridade no acceso ás prazas ás persoas do concello no que se asentan os centros. “É dicir, os veciños e veciñas da Pontenova serán os primeiros que poderán solicitar no seu día praza no centro que construiremos aquí”, explicou.

Concretou que as residencias da Deputación tamén garanten o arraigo porque “son centros de pequeno tamaño, cunha media de 30 prazas e con 25 traballadores que normalmente son do propio concello ou da comarca. Ademais, estes centros están integrados nos pobos e nas vilas, cerca doutros servizos públicos e dos lugares nos que os veciños desenvolven o seu día a día, como sucede aquí na Pontenova”.

A residencia da Pontenova construí-



Momento da presentación do proxecto

rase nunha parcela cunha superficie de 1.500 metros cadrados. Será un edificio de dúas plantas, un semisoto e un ático e terá capacidade para 30 prazas de residencia e 20 prazas de centro de día. Na primeira e na segunda planta haberá 24 dormitorios, con habitacións individuais e dobres. Todos os cuartos estarán orientados cara o río Eo, xa que se trata dun edificio “pensado para que se integre neste enclave, con zonas de paseo e de descanso ó aire libre.

A planta baixa do edificio albergará unha cocina, un comedor, unha

área de recepción, unha sala polivalente, unha sala para terapia ocupacional, aseos adaptados, almacéns e diferentes cuartos multiusos.

A primeira planta contará con habitacións individuais e dobres cos seus correspondentes baños, zona de enfermería con dormitorio e aseos, e cuartos de limpeza.

Na segunda planta tamén se dispoñerán habitacións individuais e dobres cos seus correspondentes baños e cuartos de limpeza. Pola súa banda, no ático construírse unha zona de mantemento.

## Volve o campamento de verán de Lourenzá



Outro ano máis volven os campamentos de verán a Lourenzá, que terán actividades de baloncesto, manualidades, fútbol, béisbol, xogos de auga, etc.

O campamento será do 1 de xullo ao 31 de agosto en horario de 9.3.0 a 13.30 horas con posibilidade de ampliación. Está enfocado para nenos de 3 a 12 anos, contará con monitores titulados e con estritas normas de seguridade e hixiene.

Para máis información podedes chamar ou mandar un WhatsApp aos seguintes números e resolverán todas as dúbidas 667 378 186 ou 627 451 053.

## Catro parroquias terán fibra a finais de verán con Adamo



Ata 1.000 vivendas de Santa María e San Xurxo no Concello de Lourenzá teñen, neste mes de xuño, conexión a Internet de alta velocidade proporcionada por Adamo. Pero aínda serán máis, xa que a compañía continuará expandindo a súa propia fibra óptica -de 1.000 MB, a máis rápida que existe hoxe no mercado- no Concello durante a época estival. En concreto, o operador activará o seu sinal noutros 300 fogares de San Tomé e Santo Adrao entre xullo e agosto. Como consecuencia, as catro parroquias de Lourenzá terán fibra óptica a finais de verán.

Adamo conta para este desprega-

mento coa colaboración das autoridades locais, en particular, da alcaldesa, Rocío López. Iso quedou de manifesto na presentación do servizo que proporciona a compañía, efectuada recentemente ante a rexedora por David Llano, responsable de Adamo en Galicia. Este paso en Lourenzá enmárcase na firme aposta da empresa por esta rexión galega, na que instalará Internet de alta velocidade en 26.530 inmobles ao longo de 2021 e 2022. Sumados ás 50.000 actuais, Adamo alcanzará un total que pasa as 76.500 vivendas na súa rede lucense a finais do próximo ano.

## O Plan Xacobeo rehabilitará o mosteiro de San Salvador



Parte traseira do mosteiro de San Salvador

O Goberno central presentou o Plan Nacional Turístico Xacobeo 21-22, un proxecto para impulsar os Camiños de Santiago como produto cultural e patrimonial en todo o territorio nacional cun investimento que supera os 121 millóns de euros, que se financiará cos fondos europeos Next Generation.

Dentro das intervencións que aparecen neste Plan Nacional figuran 2.000.000 euros para o Mosteiro de San Salvador de Lourenzá e actuacións na Catedral de Mondoñedo. O plan estrutúrase ao redor de cin-

co eixos principais de investimento o Plan Nacional de Sustentabilidade Turística en Destino Xacobeo 2021-2022 dotado con 45 millóns de euros e encamiñado a perfeccionar as paisaxes urbanas que atravesan os Camiños.

O Programa de Desenvolvemento de Produto Turístico posicionará de novo o Camiño como un destino seguro, pero tamén máis inclusivo, accesible e dixital. Para este fin destinaranse 5 millóns de euros para xerar ou apoiar produtos vinculados á experiencia compostelá.



# DEPUTACIÓN

## A Deputación urxe á Xunta a recuperar a sanidade galega

A Deputación de Lugo urxe á Xunta de Galicia a posta en marcha dun plan para recuperar a sanidade Galega. Logo de que a pandemia agravase as deficiencias do sistema sanitario autonómico, que se viñan denunciando no 2019, a institución provincial esixe que se traballe para volver á situación anterior á pandemia como un primeiro paso mínimo, segundo unha moción presentada polo PSdeG no Pleno que foi aprobada co apoio do BNG.

“A Xunta tenta aproveitar a necesidade de loitar contra a pandemia para agochar as deficiencias do sistema sanitario que se viñan denunciando no 2019. E que carece de ideas para volver á situación anterior á pandemia, que sería un primeiro paso mínimo”, denunciou a voceira provincial socialista, Pilar García Porto. “Seguen enriba da mesa os problemas de Atención Primaria; a perda de especialidades e peches de consultorios no rural; a tempo-

ralidade do persoal, sobre todo dos ATS; o colapso das Urgencias ou a incapacidade para atraer profesionais de especialidades como pediatría”, asegurou Porto”.

García Porto denunciou que as listas de espera en Atención Primaria chegaron ata os 15 días por motivo da pandemia; que a espera media para operarse na área sanitaria de Lugo é de máis de 79 días, a que máis demora acumula de Galicia xunto con Ferrol; ou que para as probas diagnósticas relacionadas coa otorrinolaringoloxía hai que esperar unha media de case un ano -315 días- cando no 2019 estaba en 90. A voceira tamén apuntou que na etapa de Feijóo na Xunta perdéronse preto de 1.100 postos de persoal sanitario só en Atención Primaria, e que xunto coas xubilacións previstas no 2024 – outros 1.500 profesionais- “é preciso facer un esforzo de contratación”. Sinalou Porto os problemas de atención pediátrica que sofren os con-

cellos da provincia, como Abadín, Alfoz, Baralla, Becerreá, Castro de Rei, Castroverde, Corgo, Chantada, Foz, Mondoñedo, Outeiro de Rei, Ribadeo ou O Valadouro; ou que as reducións de persoal son a norma en moitos municipios do rural.

Por outra banda, a Deputación de Lugo tamén lle reclama á Xunta que cumpra coa súa obriga de conservar o patrimonio cultural de Lugo.

A voceira do grupo socialista lamentou que o investimento da Consellería de Cultura e Educación previsto para o 2021 en Lugo é de 700.000€ para restaurar a igrexa de San Pedro e outros 500.000€ para o claustro da Catedral. En total, 1,2M€ que representan o 0,01% dos 11.563M€ “dos orzamentos récord da Xunta”. García Porto denunciou que no 2018 só se destinaron 10,2M€ ao gasto en Protección e Xestión do Patrimonio Cultural e Artístico na nosa comunidade autónoma, “unha cifra que nos sitúa no furgón de cola”.

## Ampliado ata o 15 de xullo o prazo para os Bonos Impulso

A Deputación de Lugo ampliou o prazo, ata o 15 de xullo, para que a veciñanza da provincia poida solicitar os Bonos Impulso. A institución provincial está a repartir 17.000 descontos nominativos de 30€, para compras dun mínimo de 60€, que poden gastarse en calquera comercio, negocio de hostalería e servizos dende a súa recepción e ata o 31 de agosto deste ano.

Preto de 6.500 veciños e veciñas da provincia xa solicitaron -a través da páxina web da Deputación de Lugo, da sede electrónica ou mediante o procedemento habitual, presentando a documentación nas oficinas de Rexistro- os seus descontos para gastar nos establecementos adheridos do seu concello, unha medida que naceu co propósito de xerar actividade económica nos 67 municipios da provincia.

A Deputación fai un reparto equitativo dos bonos seguindo criterios obxectivos, como a poboación, o

número de persoas en situación de desemprego e o número de empresas dadas de alta no IAE. En base a iso, a Deputación establece un mínimo de 20 bonos para os concellos máis pequenos e un máximo de 5.000 para os máis grandes. Cada beneficiario deberá usar o seu Bono nos establecementos adheridos ao concello no que reside, agás que non haxa ningún inscrito.

Os bonos poderanse gastar en todo tipo de actividade comercial, hostaleira e de servizos, agás á compra de bebidas alcohólicas, tabaco e lotarías. Asignarase por orde de presentación de solicitudes, respectando o número mínimo e máximo establecido de bonos por concello, e fixando nesta primeira fase de asignación un máximo dun bono por persoa. Os beneficiarios recibirán na súa casa, a través de correo postal, o seu Bono Impulso, que poderán utilizar como método de pago nun único establecemento.



Presentación do programa Coñece a túa provincia

## Abre o prazo do programa Coñece a túa provincia

Xa está en marcha do programa Coñece a túa provincia coa apertura do prazo para que asociacións e entidades sen ánimo de lucro poidan anotarse e reservar praza nestas viaxes gratuítas que organiza a institución en pequenos grupos e dunha xornada de duración por todo o territorio lucense seguindo diversas rutas. O período de solicitude das 1.242 prazas dispoñibles nesta primeira tempada estará aberto a partir de hoxe xoves e ata o vindeiro 30 de xullo. Para inscribirse, as asociacións deberán presentar a correspondente solicitude a través da Sede Electrónica da Deputación ou ben no Rexistro Xeral da institución. Toda a información para realizar a solicitude, así

como as características e as condicións para participar nesta iniciativa pode consultarse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de hoxe, 30 de xuño, e na páxina web da Deputación de Lugo, a través da Área de Turismo.

As viaxes desenvolveranse entre a segunda quincena de setembro e o mes de novembro, en días laborables. En todo caso, o Servizo de Turismo da Deputación determinará os días concretos nos que finalmente se realizarán as excursións.

As asociacións poden elixir entre un total de 37 itinerarios polo patrimonio natural, histórico, cultural e gastronómico de toda a provincia de Lugo.



Presentación das actividades fluviais

## A Deputación lanza unha nova edición das Actividades Fluviais

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, presentou o programa de Actividades Fluviais que a institución provincial porá en marcha este verán en 10 concellos. As Actividades Fluviais son totalmente gratuítas e están dirixidas a un público familiar, podendo anotarse maiores de 6 anos de idade no propio lugar da actividade. Haberá actividades acuáticas, como kajak, paddle surf, inchables, e outros xogos nas contornas fluviais. O presidente explicou que o programa desenvolverase durante o mes de xullo nos municipios de Ribeira de Piquín, Trabada, Alfoz, Vilalba, Begonte, Navia de Suarna, Láncara, Ribas de Sil, Monterroso e Guitiriz.

“Con esta iniciativa, dende a Deputación de Lugo ofrecemos unha alternativa de ocio ao aire libre moi atractiva para o verán, que contribúe a dinamizar a vida social e a vida económica dos concellos”, detallou o mandatario provincial. O programa, engadiu, tamén será importante para contribuir á recuperación do sector turístico, hostaleiro e do comercio local fronte ao impacto das restricións provocadas pola pandemia, porque todos sabemos que onde hai actividades de lecer, hai consumo, sobre todo no sector servizos. A xente ten ganas de saír, de recuperar a súa vida normal, e dende a prudencia, temos que dar pasos nesa recuperación”.

## Volven convocar os premios á hostalería e o turismo

A Xunta de Goberno aprobou as bases e a convocatoria da segunda edición dos premios Lugo Cambia ao turismo lucense e...E para comer, Lugo á gastronomía lucense, tal e como anunciou a voceira provincial socialista e deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto.

“Estes premios son unha medida máis que impulsamos dende a Deputación para apoiar, poñer en valor e visibilizar o traballo e a calidade dos sectores turístico e hostaleiro da nosa provincia, algo especialmente importante nestes momentos porque estes establecementos foron os que sufriron especialmente o impacto das restricións sanitarias pola pandemia”, subliñou a Deputada. García Porto destacou que “a diferenza do ano pasado e, por petición do propio Consello Provincial de Turismo, nesta edición poden presentarse as candidaturas a título individual ou por unha terceira persoa co consentimento expreso do candidato ou candidata”. A candidatura pode ser presentada por persoas físicas ou xurídicas, institucións e entidades públicas ou privadas, asociacións e colectivos sen ánimo de lucro que teñan repercusión positiva no turismo e na gastronomía.



# DEPORTES

## EN BREVE

**XIMNASIA RÍTMICA.** Volve o Campus de verán do Club Ximnasia Viveiro para nenos a partir dos 4 anos e que practiquen ou non ximnasia rítmica. Haberá actividades de baile, preparación física, manexo de aparatos, técnica corporal, acrobacias, ballet, xogos... e moita diversión. Este será do 5 ao 30 de xullo en horario de de luns a venres de 10 a 14 horas no pavillón Municipal e praia de Covas e terá prezo por semanas e desconto por irmáns. Tamén haberá servizo gratuito de madrugadores de 9 a 10h horas.

**CELTA.** O Concello de Barreiros acollerá o Campus de Verán da Fundación Celta que terá lugar do 2 ao 4 de agosto no campo do Cascabeiro, e do 5 ao 6 de agosto no campo das Valgas. Mondoñedo acollerá o Campus de Verán da Fundación Celta que terá lugar entre os días 12 e 16 de xullo de 2021 no Campo Viñas da Veiga de Mondoñedo. O campus desenvolveranse desde as 9:45 ata as 13:45. Entre as 9:30 e as 9:45 levarán a cabo os protocolos de entrada e entre as 13:45 e as 14:00 levarán a cabo os protocolos de saída. A actividade está destinada a nenos e nenas de entre 4 e 16 anos e inclúe equipamento Adidas. Para inscricións e máis información [www.rccelta.es](http://www.rccelta.es).

**CB ENSINO.** O CB Ensino impulsa o proxecto Benvido Xacobeo 2021! O baloncesto miúdo facendo Camiño, que conxuga o fomento do baloncesto base coa promoción de distintas rutas xacobeas. A primeira fase do proxecto xa tivo lugar e a segunda fase desenvolverase en Burela entre o 19 e o 23 de xullo e inclúe xornadas de adestramento nas que participarán xogadoras profesionais do club e 42 rapazas da canteira, xunto con accións para divulgar o Camiño Norte. Por último, para o mes de setembro está previsto un torneo de baloncesto itinerante que se desenvolverá en varias localidades do Camiño Primitivo e finalizará en Lugo. Vai dirixido aos nenos e nenas máis cativos e contará con catro equipos masculinos e femininos.

**BALONMÁN.** O Club Balonmán Panadería de Covas Viveiro está a buscar nenos e nenas de diferentes idades que queiran xogar con eles a próxima tempada. Esta comezará entre os meses de agosto, setembro e outubro dependendo das categorías as cales son prebrenxamín mixto, benxamín mixto, alevín mixto, e infantil, cadete e xuvenil masculino e feminino. Para anotarse haberá que chamar a Aitor ao 637 986 287 ou mandar un email a [viveirobalonman@gmail.com](mailto:viveirobalonman@gmail.com).

## O Pescados Rubén feminino, campión de Liga por cuarta vez



O equipo laranxa festexando o título de Liga

O conxunto lucense revalidou o seu título de Liga tras gañar ao Futsi Atlético Navalcarnero cos goles de Dany, Ale de Paz (3), e Cami. O Futsi e as guerreiras laranxas medíronse na búsqueda do título de Liga no pavillón Jorge Garbajosa, no que na primeira parte do encontro as madrileñas adiantáronse no marcador.

Tras retomar o descanso non tardou en chegar o segundo gol do Futsi, para así facer unha gran remontada con 5 goles a favor das laranxas o que fixo que tras soar a bocina de final de partido puidense festexar a súa cuarta Liga.

Lara Balseira foi a encargada de recoller o trofeo e compartilo coas súas compañeiras xa sobre a pista do pavillón de Torrexón.

Esta nova coincidiu co anuncio de

que o técnico Julio Delgado pecha a súa etapa liderando as Guerreiras Laranxas tras 6 tempadas de ouro e 12 títulos. O salmantino, xa de adopción mariñá, finaliza o contrato co Pescados Rubén Burela FS e tomárase un descanso á fronte dos bancos despois da intensidade destes anos nos que o equipo brillou dentro e fóra de España conquistándoo todo. Por outra banda, Alberto Riquer Antón será o adestrador do Pescados Rubén Burela FS en Primeira RFEF Masculina para as dúas próximas tempadas. O técnico, toda unha lenda sobre as pistas e con experiencia internacional nos bancos, regresa ao fútbol sala español despois de disputar a final da Coppa Italia e a final four polo Scudetto da Serie A co Feldi Eboli.

## Aberto o prazo de inscrición na carreira nocturna Burela Bonita

A Concellería de Deportes anunciou que xa está aberto o prazo de inscrición para participar na quinta edición da carreira nocturna Burela Bonita, que se celebrará o día 31 de xullo, cumprindo con todos os protocolos e normativas sanitarias vixentes nese momento. O único percorrido neste 2021 será de 5 quilómetros e o número máximo de participantes de 300. O concelleiro de Deportes, Ramiro Fernández, dixo que "imos activar o circuito de 5 quilómetros e imos prescindir do percorrido de 10 quilómetros. Imos pouco a pouco retomando todas as actividades e entendemos que ao mellor non era moi prudente agora empezar coas dúas carreiras". O edil burelés subliñou que "vai ser, como sempre, unha proba



bonita e divertida, que esperemos que teña moita participación, aínda que estará limitada a 300 participantes. Desde logo, vanse seguir todas as normativas sanitarias". A inscrición hai que facela na páxina de [championchipnorte](http://championchipnorte.com).

## Volve a competición de billarda xa como deporte federado

A billarda vén de ser reconecida como deporte, este xogo tradicional deu un paso máis e agora xa exerce como modalidade deportiva federada. Xunto coa chave é parte da recentemente constituída Federación de deportes autóctonos e xógase aplicando o protocolo de seguridade Fisicovid. Máscaras obrigatorias, distancia de seguridade, non compartir material nin comida e hixiene hidroalcolíca. Das tres conferencias que xogan ligas regulares, dúas delas retomaron a competición donde, por mor

da pandemia, tiñana aparcada. A conferencia NorLeste de momento sigue agardando dar comezo. O domingo 13 de xuño, tivo lugar a sétima xornada da Liga Atlántica de Billarda, Conferencia NorOeste a carón do Xardín Botánico. Dende A Mariña desplazáronse representantes dos equipos de Troitas Bravas de A Pontenova e de Billardeiros Musicais de Ribadeo para disfrutar xunto cos compañeiros da NorOeste e de Rías Baixas dun espectacular encontro billardeiro.

**ATLETISMO.** A atleta laurentina Lidia Balseiro proclamouse campioa autonómica de 1000 en ruta alevín feminina na III Milla Urbana Portas de Compostela cun tempo de 3,26 nos 1000 metros. Na segunda posición Nihal Benjerada de Marín con 3,37 e en terceiro lugar Carmen Paz de Noia con 3,39. Ademais competiron en alevín tamén Leandro Lopes con 12º posto (3,48) e Pedro Moirón 15º con 3,55. E en cadete feminino Iria Rodígue con un 6º posto con 3,27 e Carmen García 16º con 3,47.



## Nova edición da carreira Run Foz Run e do Summer Camp

Volve o Run Foz Run na súa décimo segunda edición, segundo o anunciaron os organizadores da carreira focega de verán, que este ano celebrábase o 14 e 15 de agosto. Poderán participar na categoría andaina, que será o día 14 de agosto, todo o mundo, e despois haberá categorías para a carreira popular que será o día 15. Haberá cadetes, infantís, alevíns, benxamíns, pícaros e absoluta e todos terán que recoller o seu dorsal o día anterior no Cenima de Foz e excepcionalmente previo aviso o día da proba.

**SUMMER CAMP.** A Run Foz Run organiza, coa colaboración do Club de Atletismo Ría de Foz e outras entidades, o Run Foz Run Summer Camp. Este campamento de verán está dirixido a todos os nenos, de entre 5 e 16 anos, interesados en desfutar o verán ao máximo. O fío condutor do campus será o deporte, concretamente o atletismo, pero haberá tempo para moi-



tas máis actividades: kayak, surf, rutas polo monte, xincanas, xogos, concursos, cine... E moitas máis sorpresas. Será os luns e mércores de xullo e agosto de 10.00 a 13.00 horas no campo de fútbol Os Castros de Cangas de Foz e haberá grupos reducidos. Para máis información e anotarse haberá que chamar ao 659 996 670.



# “O mellor do rugby son a disciplina, o compañeirismo e o respecto”

Manuel Casal, adestrador de Rugby Astérix Viveiro

O equipo feminino da Escola Rugby Asterix Viveiro representou a Galicia no Campionato de España de Rugby Feminino M14 e M16 no que quedaron sétimas tras ser emparelladas coas campioas finais, Club Deportivo Universitario Rugby Zaragoza, ademais, Martina, Pauli, Carmen, Andrea e Mariña gañaron anteriormente o seu primeiro Campionato Galego Feminino de Rugby Sub14.

## Como comezou a escola Asterix?

A idea nace en Óscar, o noso adestrador, que leva toda a vida ligado ao mundo do rugby, foi xogador moitos anos e seguiu como veterano. Cando deixou de xogar empezou a xerminar a idea de crear a escola como unha maneira de seguir ligado ao mundo do rugby e de traer un deporte estraño para Viveiro. Así foi como a principios de decembro do 2018 os primeiros 11 nenos participaron na primeira toma de contacto cun balón oval.

## Porque un nome tan peculiar ao igual que coñecido para a xente?

O nome vén herdado. Algo que non moita xente lembra, mesmo en Viveiro, é que nos 80 en Viveiro tiñamos equipo de rugby o Asterix RAM Viveiro, de aí vén o nome, unha pequena homenaxe aos pioneiros

deste deporte en Viveiro. Ademais do nome, herdamos as cores, xa que eles xogaban con camiseta a raias horizontais negra e vermella, nós adaptamos esas cores á nosa nova equipación máis moderna, facendo referencia clara á vestimenta de Asterix e medias celestes e brancas pola bandeira de Viveiro e o pantalón de Obelix.

## Cantas categorías ten?

Traballamos tanto con nenos como con nenas, que xogan e adestran xuntos sen distinción por sexo. Temos xogadores desde os 6 anos o máis pequeno na categoría Sub 6, ata os 15 da maior na Sub 16. En categorías Sub8, Sub10 e Sub12 acadamos un número suficiente de xogadores como para poder participar en xogos sen necesidade de combinar con outros equipos e logo están as nosas sub14, as actuais campioas galegas.

## Aumentou entón o número de xogadores desde o 2018?

Pasamos deses 11 xogadores iniciais a case 50 fichas en todas as categorías. A verdade é que estamos moi contentos coa progresión da escola, mais non podemos pedir.

## O rugby require forza, resistencia e

## velocidade, como son os adestramentos?

Bueno, máis que forza, resistencia e velocidade tentamos traballar o respecto, a integración, a paixón e a integridade, calidades que os nenos poden levar no seu día a día fóra dos adestramentos, tentamos que todos sentan importantes, por que o son, dentro do equipo, que se respecten entre eles, que nos respecten a nós, que aprendan a xogar limpo e que cando chegas un golpe o único que podes facer é levantarche para seguir xogando, imos, como a vida mesma. Ao final no campo todos atopan o seu sitio, o que é máis rápido, o que é menos, o máis forte ou o que é mais pequeno...

## Que é o mellor deste deporte? E o peor?

Co mellor teño que volver aos valores e as leccións que da o rugby para aplicar en calquera faceta da vida. O compañeirismo, a disciplina e sobre todo o respecto, é fundamental na vida. Como o peor diría que o descoñecemento xeral a este deporte, a imaxe que proxecta fóra é dun deporte duro, violento mesmo, e nada mais lonxe da realidade, hai dureza desde a deportividade e sempre coas regras que o xogo marcan, pero non violencia.



## Como se mantén unha escola de rugby?

Pois para os nenos é unha actividade gratuíta e para subsistir facémolo grazas ás subvencións tanto do Concello de Viveiro como da Deputación de Lugo e a todos os nosos patrocinadores, A Chabola, O Café de Maria, Graficas Lareira, Mel dá Costa, Freos Carpe, Brammer, Blinker. á xente de Aspanane Viveiro polo seu traballo connosco, Graffitti, aos de Deinde polos equipamentos, Amura coas súas máscaras deportivas e algunha que outra doazón anónima dee material ou fondos para que isto poida seguir adiante. Tamén a todos os pais e nais que se envorcaron co proxecto desde o minuto 1. Mención especial para Elsa Porto, xogadora do CRAT e internacional española e a Maitane Bujan, tamén xogadora do CRAT e Viveirense, madiñas do noso equipo.

## Algún partido que lembren con agrimo ou que marcara un momento inesquecible?

Realmente todos, xa que ver crecer a representación de Viveiro nas concentracións ao longo deste tempo é increíble desde a primeira vez que foron xogar 10 nenos sen equipación e cunhas camisetas de algodón feitas ás présas ata a última vez onde roldamos os 25 xogadores con dous quipos completos. Pero se me teño que quedar cunha soa sería a do pasado 6 de xuño na Coruña onde as nenas do Sub14 foron campioas galegas. Foi moi bonito volver ao campo da nosa primeira concentración onde, como dixer, non tiñamos nin equipación para ver ás nenas gañar.

## Algunha anécdota que siga arrincando unha sorrisa?

Uff, a verdade é que moitas, pasámolo ben cando imos fóra a xogar. Sempre quedas coas primeiras veces porque estabamos moi perdidos, parecíamos Paco Martínez Soria en La ciudad no es para mi, algúns pais preguntaban que cando se gritaba gol aquí.

## O viveirense Adrián Ben, rumbo aos Xogos Olímpicos de Tokio



Adrián Ben, cruzando a liña de meta. Foto da RFEA

O atleta viveirense Adrián Ben proclamouse campión de España nos 800 metros lisos, no campionato celebrado onte en Getafe o que lle dá o billete para os Xogos Olímpicos de Tokio.

O deportista viveirense compite actualmente co club F.C. Barcelona e, este fin de semana, disputaba o Campionato de España de Atletismo Absoluto en Getafe. Cun tempo de 1:47.07, Ben era o líder da súa proba, o que lle outorgaba o pasaporte para Tokio. Esta será a primeira cita olímpica

para este xoven atleta, pero que acumula xa participacions e éxitos noutras competicións internacionais de calibre.

Tras rematar a proba e visiblemente emocionado comentou que “o ano pasado foi moi difícil por una lesión no fémur co que non puiden facer unha tempada ao aire libre, pero este ano traballamos moi ben e hoxe ademais tiña unha man axudándome, ao meu adestrador Mariano Castiñeira, que faleceu” e engadiu que “querolle dedicar esta victoria a Mariano, a miña familia e amigos”.

## O Encoro de río Cobo acollerá a III regata da Copa Deputación



Presentación da regata, que se realizará o 10 de xullo

O Encoro de Río Cobo acollerá o sábado, 10 de xullo, a III regata da Copa Deputación de Piragüismo, organizada polo Club Deportivo San Ciprián, coa colaboración do Concello de Cervo.

O edil de Deportes, David Rodríguez, o responsable da sección de piragüismo e adestrador, Iván González, o adestrador e vocal da entidade, Sergio Álvarez, e a vocal, Raquel Rodríguez, presentaron a proba, en compañía dunha ampla representación de integrantes do club, no propio escenario onde se desenvolverá a proba, que arrinca-

rá ás 15:00 horas; e na que competirán tamén o Club de Piragüismo Altruán de Ribadeo, o Kayak de Foz e o club de piragüismo Viveiro Urbano; ademais do Club de Piragüismo Cidade de Lugo e o Club Fluvial de Lugo.

Competirán nas categorías prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil, nas modalidades K1 e C1; e especialmente aos representantes do Club Local que participará con 38 palistas; e animou a todos os visitantes a que gocen da competición e da contorna excepcional na que se desenvolve.

## Viveiro celebrará a I Copa de Tiro Olímpico

O 18 de xullo disputarase en Viveiro a primeira edición Copa de Tiro Olímpico Deputación de Lugo, organizada polo Club de Tiro San Roque. A proba consistirá en tiradas de 150 platos máis unha final olímpica na que participarán os seis mellores tiradores. As inscricións para participar na proba están abertas —a través de Whatsapp ao 616933646— ata o xoves 15 de xuño. A organización estima que o torneo reunirá en Viveiro uns 60 participantes de Galiza e do Occidente asturiano.

Deportes traballa tamén na tramitación dun convenio para financiar obras de mellora do campo de tiro viveirense, unha infraestrutura singular xa que é a única da provincia que dispón de foso olímpico e das poucas do noroeste peninsular —xunto ao das Pontes e Xixón— que dispón de dúas canchas para organizar competicións federadas.

As obras, que se executarán en dúas fases, incluírán a substitución da cuberta do foso olímpico e no acondicionamento do local social. Ademais, reformarase a entrada ao recinto para mellorar a súa accesibilidade.



# COLABORACIONES

## Camiños sen fin

### CULTURA E MÚSICA



Rebeca Maseda

**A**no Santo, Ano Xacobeo, ano de camiñantes e camiños.

...«Caminante, son tus huellas el camino y nada más; Caminante, no hay camino, se hace camino al andar. Al andar se hace el camino, y al volver la vista atrás se ve la senda que nunca se ha de volver a pisar. Caminante no hay camino sino estelas en la mar.»...

Este fermosísimo poema de Antonio Machado (1875-1939) -musicado maxistralmente por Joan Manuel Serrat- fala sobre o camiño que un vai construíndo ao longo da vida, como se esta fora un lenzo en branco que un vai tecendo a medida que vive, deixando o pasado atrás. Existen moitos tipos de camiños distintos, como tamén hai diferentes rutas no Camiño de Santiago: o Francés, o Inglés, o Portugués, o Primitivo, o do Norte,

a Vía da Prata, etc. Iso sí, todos camiñan na mesma dirección, na procura do destino final: Santiago de Compostela. Parece ser que un eremita do lugar de Solovio chamado Paio -onde hoxe se alza a Igrexa de San Fiz de Solovio- localizou arredor do ano 820 as ruínas dun enterramento primitivo no bosque de Libredón que resultaron ser as tumbas do Apóstolo Santiago e os seus discípulos, Teodoro e Atanasio. Axiña o rei Afonso II peregrina ata o lugar e manda edificar unha igrexa modesta que posteriormente reconstruíría Afonso III no ano 899, sendo o xerme da actual catedral e cidade de Santiago.

Non hai dúbida da beleza natural e arquitectónica que atesoura o Camiño de Santiago nas súas diferentes rutas, tan rico en patrimonio. Aínda que tamén existen unha morea de camiños no mundo esperando ser descubertos, novas vías a explorar e coñecer sen saber onde nos levarán... A emoción do descoñecido, cal navegante sen rumbo. Ao fin e ao cabo, ¿non é a curiosidade humana, o afán de aventura e exploración, un dos motores da nosa especie? As



persoas tomamos decisións -camiños- que condicionan a nosa vida e nos levan nunha ou noutra dirección. Todos nos equivocamos e acertamos polo que o máis importante é reflexionar e mirar ao futuro sen ansia, vivir o presente e non aflixirse co

pasado como sabiamente nos apunta Machado.

O compositor austríaco Gustav Mahler (1860-1911) é autor de varios ciclos de cancións para voz e piano ou orquestra. O primeiro deles titúlase "Lieder eines fahrenden Gesellen" -"Can-

cións do camarada errante"-, consta de catro movementos e foi publicado en 1897. Este ciclo está moi ligado á súa primeira sinfonía "Titán", utilizando parte do mesmo material temático en ámbalas obras e está inspirado na complexa relación que Mahler mantivo coa soprano Johanna Richter cando era director da Casa da Ópera en Kassel, Alemaña. Aínda que a pena e o desamor inundan os textos desta música intensa e fermosa, parece que «saír a camiñar na noite tranquila no profundo do bosque escuro» é o único consolo para a alma atormentada do noso «camarada errante». A reconciliación entre o home e a natureza:

«Ahí, á beira do camiño, hai un tileiro


!e ahí por vez primeira encontrei o descanso no soño!

Baixo o tileiro que nevaba as súas flores sobre min.»

Na fotografía vemos un camiño rodeado dun bosque frondoso e verde que invita a iniciar unha viaxe sen fin. O Bosque de Silva ou a Selva de Esmelle no imaxinario cunqueiriano: atopáremos ao noso querido Merlín vagoando por estes lares?

## Algo cambiou

### ENTRE CORRENTES



Luisa Aguado  
Actriz e escritora

**C**ambioume si, cambioume algo. Varioume o facer, o ser... Vivir nun ou outro lugar transfórmache, claro que si, pero somos escravos dos nosos costumes. Porque?. Non nos gusta sentirnos inseguros...Eses costumes traballados, pulidas día a día son a base da nosa seguridade ou iso parécenos. Ao longo do tempo imos matizando o noso ca-

rácter, asentando as bases dos nosos ideais, dos nosos valores. Pero que pasa se un día fallan?. Non pasa nada, a nave da apertura está disposta a partir. Abrete ao mundo, a vida non é rixida senón un conxunto de estacións no noso interior, unha amálgama de sentimentos, ideas, emocións, crenzas, valores...Somos tanto e non nolo cremos. Poderíamos ser a engrenaxe perfecta, a máquina puída que día a día se mellora e crece. Non nos consideramos sabios, por iso e aí o motivo das nosas desgrazas. Non nos queremos o suficiente e andamos por aí alardeando

do que non somos e desprezando o que somos. Que levamos oculto? Descubrámoslo. Queremos ser mellores que o outro?, esforcémonos. A competitividade desleal non nos fai falla. Ensuciarnos, no barro enchernos de inmundicia para dicir que somos mellor que o outro. Somos seres únicos. "Non existe no Universo ninguén, absolutamente ninguén igual que ca ti" dicía Chopra e sendo iso certo deberíamos levar o orgullo por bandeira e potenciar o bo do noso carácter, rescatar as zonas perdidas do noso ser e ofrecernos nutrición espiritual e mental, da boa. Digo da boa



porque non serve calquera cousa. O que es é o que das aos demais. Non pidas a ninguén o que o teu non es capaz de ofrecer. Se sabes gobernar a túa mente, a raíña do noso carácter, conseguiremos chegar ao cabo do mundo. Apoia-dos no corazón seremos seres indomables dese mundo ideal pero real que a base de traballo e es-

forzo realizase cada día, regálase ao outro e entusiásmase co novo. Entrégache, dá, esfórzache, cre, loita por unha mente e un corpo san e serás o mellor orgullo de ti mesmo. Sereno e grande. Sempre avanzando cara ao Porvir.

Artigo baixo

R. P. Intelectual da autora



**CURSO 2021/2022**  
Contáctanos hoy para reservar tu plaza para el nuevo curso

982 103 377  
605 738 247

...where English is fun! [www.docklandsacademy.es](http://www.docklandsacademy.es)



# Ano 37 Guerra Civil, Alexandre de Fisterra inventa o fútbolín

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

**L**evaba moito tempo sen xogar ao dominó. E cando falo de moito, refírome á indeterminación de número partido por cero, infinito. Non lembro a última partida, como acostumo a facer coas últimas veces e sobre todo coas derradeiras. Xa ten que ser forte a situación para que o galego lle asignase outra palabra distinta á vez que remata definitivamente unha serie, nós, que empregamos carallo para falar desde sorpresa ata dun pau da luz. Fronte a ese pensamento de "oxalá un último bico, un último todo", eu non quero sabelo, négome a pensar que non se vai a volver repetir algo, do mesmo xeito que non tolero as despedidas. Vaite, pero non fagas ruído. E volve. Ben seguro que foi na taberna, con algún cliente cargado, de viño e de boas intencións. Adoitaba xogar cun encargado xubilado de Alcoa, un asiduo que rematou por converterse en familia. Bebía cubalibres en vaso de cacharro e coido que me falaba tanto da súa enxeñaría que rematei por facerlle caso e non estudar unha. Cada vez que



a miña nai non podía xogar con el porque tiña moito traballo, berraba por min ata que deixaba de recitala lección e baixaba escaleiras abaixo para botarlle unha partida. Comezamos xogando ao fútbolín cando eu non chegaba nin aos mandos, e paramos cando tamén parou el de gañar. Algún dicía por alí que nunca unha muller lle gañara, ata que lle gañei eu, unha meniña. Porque parvos hainos en todos lados, igual ca mulleres que xogan mellor ao fútbolín ca min. O caso foi que do fútbolín pasamos ao dominó, porque debía pensar que me ía gañar na arte de contar, sen saber que ía ser matemática, e en efecto, gañoume durante moitos anos porque as matemáticas non son números. Coma a meirande parte de adestradores, el tamén me ensinaba a gañar e

pretendía que eu soubese perder. Cando comecei a gañarlle tamén a iso, pasou a chamarme corva, herdei o alcume cariñoso da miña nai pola nosa xenreira xogando. E cando acumulei moitas partidas vencedora, xa non quixo xogar máis connigo. Mamá deixou a taberna e eu en Santiago desvinculeime unha miguiña de todas as cousas divertidas. O conto foi que o venres pasado estaba agardando para pagar na librería e coa teima da distancia social, quedei á altura dun expositor de cacharros e iso si que só puido ser unha sinal. Unha caixa de dominó chamando por min, vinte e oito pezas dicindo Noelia ao unísono. E eu merqueino, por suposto, cun dominó Fournier no faiado, do mesmo xeito que me farei cun Presas 2000 cando teña

ocasión, e espazo. Porque xogar no salón sona a elite, pero a Belén ben seguro lle cheira a paredes engrasadas polas bolas que saían disparadas. Porque non, non vale parala. Non todo vale, nin a calquera prezo. Voltei xogar

ao dominó coas regras medio esquecidas por un lapso de tempo bastante importante, e estou a pensar se petar na porta do asturiano coa miña caixa de dominó para ver se xoga connigo unha partida.

ELISARDO BARCALA



## TELÉFONOS DE INTERESE

**ALFOZ**  
 Concello: 982 55 85 81  
 Garda Civil: 982 57 40 30  
 Centro de Saúde: 982 55 86 97

**BARREIROS**  
 Concello: 982 12 40 02  
 Garda Civil: 982 12 41 94  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

**BURELA**  
 Concello: 982 58 60 00  
 Policía Local: 982 58 62 11  
 Garda Civil: 982 58 57 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29  
 Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00  
 Capitanía Marítima: 982 57 51 53

**CERVO**  
 Concello: 982 55 77 77  
 Policía Local: 615 52 10 52  
 Garda Civil: 982 58 57 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

**FOZ**  
 Concello: 982 14 00 27  
 Policía Local: 982 13 36 40  
 Garda Civil: 982 14 04 44  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85  
 Agencia Tributaria: 982 13 35 12

**LOURENZÁ**  
 Concello: 982 12 10 06  
 Garda Civil: 982 52 19 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

**MONDOÑEDO**  
 Concello: 982 52 40 03  
 Policía Local: 982 50 70 40  
 Garda Civil: 982 52 19 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

**OUIROL**  
 Concello: 982 55 91 09  
 Garda Civil: 982 56 10 39  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

**PONTENOVA, A**  
 Concello: 982 34 22 77  
 Garda Civil: 982 34 22 22  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

**RIBADEO**  
 Concello: 982 12 86 50  
 Policía Local: 982 12 86 50  
 Garda Civil: 982 12 80 48  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

**RIORTORTO**  
 Concello: 982 34 62 22  
 Garda Civil: 982 34 22 22  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

**TRABADA**  
 Concello: 982 13 50 11  
 Garda Civil: 982 34 22 22  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

**VALADOURO, O**  
 Concello: 982 57 40 00  
 Garda Civil: 982 57 40 30  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

**VICEDO, O**  
 Concello: 982 59 00 02  
 Garda Civil: 982 59 01 81  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

**VIVEIRO**  
 Concello: 982 56 01 28  
 Policía Local: 982 56 29 22  
 Policía Nacional: 982 56 17 11  
 Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

**XOVE**  
 Concello: 982 59 20 01  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

**TELÉFONOS DE INTERESE**

Emerxencias: **112** | Incendios Forestais: **085**  
 Urxencias Sanitarias: **061** | Garda Civil: **062**

[www.amariñaxa.com](http://www.amariñaxa.com)



Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PRENSA DA MARINA S.L.  
 Dirección: Diego E. García Puente  
 Teléfono: 661 464 323  
 E-mail: redaccion@amariñaxa.com  
 Impresión: Tameiga Publicacións SL  
 Dep. Legal: LU 5-2019  
 ISSN 2660-4493

Teléfono 661 464 323

[redaccion@amariñaxa.com](mailto:redaccion@amariñaxa.com)



## MAR

## As empresas con perdas pola covid serán compensadas

As empresas de transformación e cultivo de produtos do mar de Galicia disporán dun total de 7,5 millóns de euros para compensar a caída de ingresos entre o 1 de febreiro e o 31 de decembro de 2020 como consecuencia do coronavirus. Con estes apoios, cofinanciados co Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP), a Xunta subvencionará ata o 50% das perdas de facturación rexistradas sempre e cando estas sexan de polo menos un 20% en relación cos ingresos medios para o mesmo período nos tres anos anteriores.

No caso de empresas con menos de tres anos estas deberán ter actividade durante polo menos o ano natural 2019 completo e o cálculo realizarase tendo en conta os datos dos anos correspondentes. Así o especifica un informe analizado hoxe no Consello da Xunta sobre as convocatorias de 2021 destas achegas que saíran publicadas en vindeiras semanas no DOG.

Segundo especifica o informe, a contía destinada ás compensacións das empresas de transformación é de 4 millóns de euros e o límite de axuda por beneficiario será de 400.000 euros. No caso das

empresas de acuicultura o importe da convocatoria é de 3,5 millóns de euros e o límite de axuda por beneficiario de 200.000 euros.

**PLAN AVANTEMAR.** Estes apoios forman parte do plan AvanteMar deseñado pola Xunta para impulsar o sector marítimo-pesqueiro após a pandemia e que supón unha inxección de 77 millóns de euros en 2020 e arredor de 13 millóns neste ano no complexo mar-industria.

As convocatorias destas compensacións aos sectores da transformación e cultivo dos produtos do mar deriváronse no tempo co obxectivo de atender tanto os danos causados pola pandemia como os provocados pola saturación dos mercados. De aí que fose preciso agardar a coñecer o impacto da crise nas contas do 2020.

Dentro do plan AvanteMar tamén se xestionaron axudas a outros sectores como a frota activa e inactiva durante a covid-19, a frota de palangre de superficie, os profesionais do marisqueo que pararon a súa actividade durante a pandemia, as organizacións de produtores, as confrarías e entidades sectorais de lonxas e as redeiras.

## A Mariña sitúase como exemplo na loita contra o lixo mariño

O sábado 12 de xuño procedeuse á limpeza de fondos mariños en Porto Chico de Foz, unha actividade de concienciación e sensibilización ambiental dirixida a todos os públicos.

Esta actividade encádrase dentro do proxecto internacional de limpeza de fondos da Rede de Vixiantes Mariños e nela participaron 10 mergulladores para facer tarefas de limpeza, voluntarios para o apoio de terra, voluntarios para os protocolos de seguridade e embarcacións de apoio.

Despois da recollida de residuos mariños que se fixo fíxose unha pequena charla para informar da recolleita. “Hai contedores por todos os sitios, hai que facerlle entender á xente que é moi malo arroxar todas estas cousas ao mar ou polos portelos dos coches como as cabichas, que despois van ao chan e acaban no mar”, dixeron desde a organización.

“Unha cabicha nun sumidoiro pode contaminar 50 litros de auga. Unha botella de plástico no mar pode durar 120 anos, unha cabicha uns 200



Recollida de lixo en Xove

anos, unha roda 300 anos, a sedela de pesca ao redor de 600 anos”, engadiron, “e o que soe pasar con todos estes residuos é que se desfán en microplásticos e estes quedan no mar e despois os peixes cómenos e nós a eles, e todo isto repercute na nosa alimentación”.

Unha día despois fíxose esta mesma acción na praia de Esteiro de Xove, coa que se conmemora o Día

Mundial dos Océanos. Así mesmo, previamente realizouse en varias praias de Ribadeo, Os Bloques, Illas-Castros e no camiño das Aceas a cargo de nenos de Primaria.

No Vicedo, en Arealonga tamén se fixo un traballo de preparación do areal

En Cervo voluntarios de Cervo tamén limparon a praia de Rueta, na contorna do río Xunco.

## A veda da centola na provincia está activa ata o 27 de novembro

A veda da centola na provincia de Lugo abriu o 26 de xuño e permanecerá vivente ata o 27 de novembro.

Así o establece a resolución pola que se aproba o plan de xestión da centola e do boi para a campaña 2021-2022, publicada no Diario Oficial de Galicia e que neste caso establece vedas diferenciadas para as dúas especies. Este ano está prohibido extraer centola nas provincias da Coruña e Pontevedra desde as 00.00 horas do sábado 19 de xuño ata as 24.00 horas do sábado 6 de novembro. Na provincia de Lugo a veda prolongarase das 00.00 horas do sábado 26 de xuño ata as 24.00 horas do sábado 27 de novembro.

Mentres, no caso do boi, a veda prolongarase en todo o litoral de Galicia desde as 00.00 horas do sábado 28 de agosto ata as 24.00 horas do sábado 6 de novembro.

Estes períodos de veda significan que queda expresamente prohibida a captura destas especies para todas as embarcacións por medio de calquera arte en augas de Galicia. De



feito, as embarcacións dedicadas á captura de centola e boi con nasas deberán retiralas do seu calamento e levalas a porto.

A veda é unha das medidas que contribúen a aumentar a biomasa e a regular a pesqueira da centola e do boi co fin de axustar a xestión pesqueira ao ciclo de vida das especies e así protexer a súa reprodución e favorecer unha explotación máis sustentable de ambos recursos.

## Elixidas 3 ilustracións para promocionar a pescada de Celeiro



Tres ilustracións para a pescada de Celeiro, con este pretexto tres ilustradores interpretaron a imaxe dun dos produtos máis coñecidos da Mariña.

Os tres finalistas do certame que busca non so promocionar o produto senón tamén achegarse ao mundo da cultura e a arte. O obxectivo era realizar unha ilustración coa pescada de Celeiro como protagonista e que rendera homenaxe á xente da Mariña.

Os ilustradores elixidos foron Nina

Sefcik, Verónica Grech e Carlos Lanzo que amosaron o seu talento con tres maneiras diferentes de interpretar o mesmo produto e así mesmo renovar a imaxe do Porto de Celeiro.

Nina Sefcik retrata un produto no seu contexto de orixe o Porto de Celeiro, Verónica Grech traslada a idea de que o produto forma parte das nosas vidas e é indispensable na nosa dieta, mentres Carlos Arrojo amosou o ciclo da vida da pesca desde o mar as nosas casas.

## O BNG alerta do impacto dos proxectos eólicos

A deputada do BNG Rosana Pérez advertiu das consecuencias para o sector pesqueiro e marisqueiro, dos proxectos eólicos de Iberdrola que invaden os marcos da activade pesqueira. A deputada reclamou a “retirada” dos proxectos e anunciou diversas iniciativas, no Congreso e Parlamento galego así como encontros cos sectores máis afectados para recoller as diferentes demandas contra o modelo eólico mariño do PP destinado a beneficiar “ás grandes empresas eléctricas” sen que a produción enerxética reverta en Galicia. En comparecencia pública ante os medios de comunicación, a nacionalista explicou que o 26 de maio tivo lugar un pacto no Parlamento galgo entre PP e PSOE para “abrir a porta a implantación da eólica mariña na costa galega”, con este acordo, denunciou, a deputada, PP e PP rachaban o consenso político acadado na Cámara galega en maio do ano 2009. O goberno do Estado dálle a razón ao BNG ao “suspender a presentación de todos os proxectos” de parques eólicos até a elaboración dun novo marco normativo.

Por outra parte, Iberdrola solicitou o “alcance ambiental de dous parques eólicos mariños en Galicia”.



# Elaboran un documento para abrir peiraos á pesca recreativa

A Consellería do Mar lembra que está a traballar, a través de Portos de Galicia, na redacción dun documento regulador que permita abrir peiraos autónomos á pesca recreativa desde terra por primeira vez desde o ano 1972. O ente público está co proceso de elaboración do texto que permitirá integrar esta actividade nos usos portuarios de determinados portos logo de ter presentado unha primeira proposta ao sector e ter recompilado as súas aportacións ao respecto. Esas consideracións están a ser valoradas e incluídas na medida do posible de acordo con criterios de seguridade persoal e operatividade portuaria.

Portos de Galicia lembra a súa vontade de regular esta actividade, que non está autorizada por ningunha normativa estatal nin autonómica desde 1972 e que a Consellería do Mar quere integrar garantindo a convivencia harmónica co resto de actividades que se realizan nos espazos portuarios. Con este obxectivo, o ente público está a traballar nun documento coas asociacións de



Porto de Ribadeo

pescadores recreativos establecendo en todo momento como prioridades tanto a seguridade dos usuarios e das instalacións como o respecto ao resto de actividades portuarias.

A proposta inicial de Portos de Galicia, que se atopa en proceso de análise a avaliación, recolle a categorización dos portos en tres niveis en función da posibilidade de integrar esta actividade polo que habería peiraos nos que se podería pescar libremente, outros

que contaría con certas restricións e algúns nos que non estaría autorizada a pesca deportiva.

A maiores, entre outros requisitos figurarían a obrigatoriedade de facer un seguro con cobertura aos danos persoais e a terceiros, a reserva do solo, a xestión dos residuos xerados e uso axeitado de aparcadoiros e outras instalacións portuarias. A intención de Portos de Galicia é ter elaborado o documento definitivo a finais deste mes de xuño.

## A Ribeira de Foz reitera os problemas do Porto Chico



O porto Chico de Foz

A Asociación A Ribeira de Foz vén de manifestar os problemas do Porto Chico de Foz despois de pasar o tempo sen ningunha mellora, que “tras cinco anos segue nunha situación ruínosa”, din, “cinco anos pasaron xa dende que nos reuniamos coa Conselleira Rosa Quintana en Santiago para expoñerlle os problemas dun peirao en Foz que non ten calado para nin tan sequera atracar unhas chalanas, que os pantaláns de atraques deportivos están en moi mal estado e non ofrecen ningunha seguridade ás embarcacións sitas nos mesmos, que o peirao non ofrece abrigo e temos verdadeiras marexadas dentro do

propio peirao cando hai temporales, que existe unha demanda alta de prazas de atraque de embarcacións deportivas en Foz e que se atopan nunha eterna lista de espera, que as embarcacións de salvamento das praias non poden saír a facer as súas tarefas de socorrismo, etc”.

Así, din que ven con envexa sana como pasan os veleiros da “afamada Ruta Xacobeá, e como os políticos se afanan en saír nas fotos das inauguracións de tales rutas e concesións de xestións privadas varias”. E lles gustaría ver que o seu peirao estivera nunhas condicións aptas para albergar ese tipo de acontecementos.

## Impulsan a eficiencia enerxética dos cultivos mariños

Galicia e o Norte de Portugal colaboran no proxecto Acuaenergy, que impulsa melloras nas instalacións de cultivos mariños relacionadas coa eficiencia enerxética e a protección do medio ambiente.

Esta iniciativa mellora a competitividade das plantas acuícolas a través da eficiencia enerxética -que está avalada pola Xunta e liderada polo Centro Tecnolóxico do Clúster da Acuicultura (Cetga)- e constata que a introdución de melloras nas instalacións, o fomento das enerxías renovables e a xestión da enerxía como un asunto prioritario nestes centros permitirían alcanzar aforros no consumo enerxético próximos ao 30%.

Esa redución do gasto en enerxía -que só nas plantas de cultivos mariños da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal acadaría os 2,4 millóns de euros ao ano- tamén permitiría evitar a emisión anual de 9.900 toneladas de dióxido de carbono á atmosfera. Uns resultados que, salientan os responsables, serían extensibles a outras instalacións de semellantes características en toda Europa.

Esta acción de investigación enmárcase na segunda convocatoria do Programa de Cooperación Transfronteiriza Interreg V-A España-Portugal.

## a elección de...



**Lucía Fernández**  
Membro da Asociación Cultural  
O Picato de Trabada

un libro




Crimen y castigo  
de Dostoevski

un disco



Ballads  
de Chet Baker

unha película




El Padrino

un personaxe histórico




Emilia Pardo Bazán

un lugar para visitar




Chepelare, en Bulgaria

unha afección



Ler

unha comida



Enfariñada

unha bebida



Licor café

Consulta os eventos en:  
[www.amariñaxa.com](http://www.amariñaxa.com)

**Dermoterapia**  
Centro de Estética

Cita Previa: 664 527 486

**Tratamientos**

- Láser Diodo
- Láser IPL
- Depilación hilo
- Cavitación
- Presoterapia
- Esmaltado semipermanente
- Embellecimiento del pie
- Extensión de pestañas
- Tratamientos faciales y corporales
- Solarium



## DESCUBRINDO O PATRIMONIO

# Recreación dun pasado viquingo

O Vicedo homenaxea a finais de xullo a loita contra este pobo invasor nunha romaxe que a covid anulou dous anos seguidos



Arriba, dúas recreacións, a loita dos viquingos e os cristiáns e o desembarco, co alcalde á fronte. Abaixo, o primeiro cartel elaborado para a promoción dos festexos

A presenza viquinga na península ibérica non foi moi prolífica, a pesar de que houbo ataques normandos desde o ano 840 ata practicamente finalizado o século, polo que esta presenza na Mariña lucense segue sendo moi cuestionada, sobre todo, en determinados foros arqueolóxicos. Así, algúns profesionais da arqueoloxía suñían que non hai “evidencias claras” nin de grandes razias viquingas en Galicia, e moito menos, de asentamentos na costa.

A chegada dos viquingos non deixou tampouco moitas pegadas na península, xa que se trataba dun pobo conquistador que estaba en constante movemento

pero O Vicedo sería un lugar ideal para un asentamento normando, xa que contaría coa presenza dun gran promontorio de terra con muralla e foso e unha enseada, coñecida como O Porto, custodiada por dous grandes conxuntos de rocas, Os Castelos.

Por todo isto O Vicedo comezou a celebrar no ano 2016 a Festa Vikinga, despois do descubrimento en 2014 dun posible asentamento nos Moutillós, na contorna da praia de Area Grande.

As prospeccións arqueolóxicas apuntaron nese momento cara á confirmación destas características típicas dos asentamentos nórdicos.

Desde ese momento e con intención de potenciar esta caracterís-

tica única que tiña lugar no Concello, comezou a celebrarse unha festa de ambientación viquinga coa intención de dar difusión a



esta singularidade e servir como foco de atracción turística que axudase a potenciar O Vicedo.

Normalmente celébrase en dous días a finais do mes de xullo no que o primeiro día, o venres, ten lugar o pregón e un desfile dos cabaleiros e guerreiros tanto cristiáns como viquingos polas rúas do Concello. O segundo día, o sábado, é o auténtico día grande da Romaxe e celébrase na praia de Area Grande, en San Román, onde se instala un campamento viquingo e outro cristián e hai postos de artesanía, comida, etc. Durante todo o día ten lugar o desembarco do barco viquingo, o espectáculo da loita entre os cristiáns e viquingos, e xa, no campamento, durante toda a tarde, obradoiros,

xogos, espectáculos de cabalos, espectáculos nocturnos de lume, voda viquinga, enterramento, etc. Este evento segue crescendo ano a ano malia que estes dous últimos a organización comunicou a súa cancelación debido ás restricións da covid. Este ano, acadaría a sexta edición, e íase celebrar os días 24 e 25 de xullo. O alcalde do Vicedo, Jesús Novo, dixo que estiveron esperando ata o último momento para poder tomar unha decisión sobre a celebración.

“As circunstancias actuais obrigan a cumprir protocolos en celebracións e eventos públicos, respectar aforos, e a maiores, aconsellan a tomar decisións responsables coa situación sanitaria”, comentou.

**ARROZ CALDOSO CON BOGAVANTE** Menú para 2 personas

- Rabas de Sepia con Alioli
- Arroz caldoso con Bogavante del Cantábrico
- Postre casero a elegir
- Botella de Albariño gallego

**60€** (por pareja)

**La Quinta**  
Tabla Gourmet Carnes Rojas

**SUGERENCIAS DE LA SEMANA**

**Novedad**

BLACK ANGUS RUBIA GALLEGA

MAMIÑA PICAÑA SIMMENTAL

**42 €**

**La Quinta**  
ASADOR RESTAURANTE

**Reserva MAR DE RINLO**

Calle Rivero, 5 Avilés / 985 74 60 54 • Paseo Colón, 1 Foz / 982 14 01 65

Avda. Leopoldo Calvo Sotelo, 12 Ribadeo / 982 13 06 71 • Rúa San Francisco, 17 Ribadeo 982 12 99 16 (Mar de Rinlo)